

cultura

Gema López realiza a primeira intervención do Culturban na honra de Mónica Alonso. **Pax. 7**

sociedade

Xa está en marcha unha nova edición do concurso de tapas, que remata o 20. **Pax. 10**

economía

Arroxo cre que os orzamentos da Xunta perpetúan o abandono da cidade. **Pax. 12**

zona rural

Aumentan os puntos de luz na zona de Chousas Vellas, en Bóveda. **Pax. 15**

infraestruturas

O Concello presenta o plan de peonalización da zona do Carme. **Pax. 16**

Todo un mes En Negro

O 25N conmemórase o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres con numerosas iniciativas sociais e institucionais



Reclaman un servizo axil de ferrocarril

O BNG realiza unha viaxe ata Parga para lembrar que a veciñanza de 'Lugo Quere Tren'. **Pax. 19**

A Deputación esixe cambios á Xunta

O Pleno pide un cambio total na súa política de prevención de incendios e na sanidade. **Pax. 21**

Entrevista ao presidente do Breogán

José Antonio Caneda, dirixe o club celeste de baloncesto da cidade dende o ano 2019. **Pax. 28**

Exposicións



Fuxan os Ventos, unha das tres mostras que abriron este mes. **Pax. 4**

Festival de Jazz



A 32ª edición desta cita coa música celébrase entre os días 4 e 20 de novembro. **Pax. 5**

Actuacións no auditorio



O auditorio ten programado xa o segundo semestre de 2022. **Pax. 7**

VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

ESPECIALISTAS EN DERECHO DE FAMILIA

- ASESORAMIENTO EN PROCESOS DE SEPARACIÓN Y DIVORCIOS
- CUSTODIA COMPARTIDA • GUARDA Y CUSTODIA DE MENORES
- REGULACIÓN DEL RÉGIMEN DE VISITAS • RECLAMACIÓN POR IMPAGO DE PENSIONES ALIMENTICIAS • LIQUIDACIÓN DE SOCIEDAD DE GANANCIALES
- CAPITULACIONES PATRIMONIALES
- PAREJAS DE HECHO, CONSTITUCIÓN Y DISOLUCIÓN

¡Consúltenos!

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎ 982 228 606

📱 veiguelabogados 📺 veiguela abogados

25N

En Negro contra a violencia de xénero

A sociedade celebrará o 25 de novembro esta loita contra os feminicidios con numerosas iniciativas que abranguerán todo o mes



O Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller conmemórase anualmente o 25 de novembro para denunciar a violencia que se exerce sobre as mulleres en todo o mundo e reclamar políticas en todos os países para a súa erradicación.

Esta celebración que tiña lugar un día acabou ampliando a súa relevancia e hoxe en día está vinculada á practica totalidade do mes.

Pero, escoller o 25 de novembro para conmemorar esta lacra social ten unha razón de existir.

Elixíuse o 25 de novembro para conmemorar o violento asasinato das irmás Mirabal (Patria, Minerva e María Teresa), tres activistas políticas asasinadas o 25 de novembro de 1960 en mans da policía secreta do ditador Rafael Trujillo na República Dominicana.

Hoxe, o seu simbolismo está moi representado polo movemento En Negro. Trátase dunha acción colectiva de sensibilización social contra as violencias machistas que xorde no 2015 en Santiago de Compos-

tela, co impulso da Administración local, e que ano tras ano foi medrando, involucrando a máis concellos, institucións e sectores, chegando a expandirse de xeito viral mesmo fóra de Galicia. Aínda que está latente durante todo o ano, é sobre todo no mes de novembro, e no 25N, cando a acción despre-

ga a súa actividade de forma máis intensa.

Dende o seu inicio buscou implicar o tecido económico, asociativo, educativo, deportivo, social e cultural, así como a toda a cidadanía, nunha resposta colectiva de rexeitamento das violencias de xénero e mais dos asasinatos machistas.

Tamén se apostou por identificar, transmitir e incidir nos comportamentos e expresións verbais que están detrás das violencias de xénero a través do uso de materiais de campaña específicos por parte da cidadanía, empresas, establecementos comerciais e axentes sociais.

Son moitas as accións que se levan

a cabo contra a violencia de xénero durante todo o ano, centradas maiormente na educación na igualdade e o respecto, con charlas, cursos e campañas de sensibilización en colexios, institutos e universidades. Tamén se apostou pola protección das mulleres con diferentes programas en distintos ámbitos.

Unhas cifras xudiciais que non baixan

Os xulgados galegos recibiron o segundo trimestre deste ano 1.813 denuncias por violencia de xénero, un 9,9 % máis que no mesmo período de 2021, cando se presentaron 1.649. A gran maioría (1.328) chegaron a través de atestados policiais con denuncia da vítima. Aumentou tamén o número de mulleres que aparecen como vítimas, pois nese período contabilizáronse 1.811, fronte ás 1.636 de 2021, o que supón unha subida do 10,7 %. A taxa de violencia de xénero (mulleres vítimas por cada 10.000 mulleres) situouse en 13, a segunda máis baixa

do Estado -cuxa media foi de 18,4-, só por detrás de Castela e León.

Os distintos órganos xudiciais (xulgados de violencia sobre a muller, xulgados do penal e audiencias provinciais) ditaron no segundo trimestre en procesos de violencia de xénero 593 sentenzas, das cales 498, é dicir, o 84 %, foron condenatorias. Ademais, en Galicia descendieron un 10,2 % os casos de vítimas que se acolleron á dispensa para non declarar. No segundo trimestre de 2022 optaron por esta opción 97 mulleres, fronte ás 108 que o fixeron no mesmo período de 2021.

Ademais, durante eses tres meses solicitáronse ante os xulgados de violencia sobre a muller 486 ordes de protección, un 7,4 % menos que nas mesmas datas de 2021, cando se demandaron 525. Delas, foron acordadas 344 (o 71 %), fronte ás 348 de 2021. Nos xulgados de garda sen competencia en violencia sobre a muller solicitáronse 126 ordes de protección, o que supón un aumento interanual do 16,7 %. No segundo trimestre deste ano os xulgados de menores axuizaron a catro persoas por delitos relacionados con violencia sobre a muller,

mentres que o ano anterior só foi xulgada unha persoa no mesmo período por procesos de violencia.

Os datos relativos ás medidas civís ditadas polos xulgados de violencia sobre a muller para protexer aos fillos das vítimas, que reflicten as modificacións legais introducidas na Lei Orgánica de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, reflicten que entre abril e xuño os órganos xudiciais galegos adoptaron 39 medidas consistentes na suspensión do réxime de visitas, un 225 % máis que o ano anterior, cando se adoptaron doce.

●	UNIVERSIDAD Grado en:			ABAU (Antigua selectividad) BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS	j.m.rivas ACADEMIA
	ROBÓTICA Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENX. AGRÍCOLA ENX. FORESTAL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENXEÑARÍA CIVIL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II		
	BIOQUÍMICA Matemáticas Física Química general e inorgánica Química - Física I Bioestadística	ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND. Matemáticas I y II Física I y II Métodos Estadísticos	PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA		
	C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22				

ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS
ATENCIÓN PERSONALIZADA
GRUPOS REDUCIDOS
Preparación específica para subir nota en ABAU

“Nós facemos traballo de campo, estamos man a man coas vítimas”

Si, hai saída é unha asociación que traballa directamente con mulleres vítimas de violencia de xénero, falamos coa súa presidenta, Marta Rodríguez Engroba

Como nace a asociación Si, hai saída?

Si, hai saída é unha asociación contra a violencia de xénero, sen ánimo de lucro, que nace en Lugo no ano 2014. A asociación xurde como froito da miña propia experiencia, vítima de violencia de xénero. Cando sobrevivín a unha agresión terrible e denuncié decateime da tremenda soidade, incompreensión e das innumerables barreiras coas que se atopa unha muller nesa situación e decidín que axudar era algo prioritario.

Canta xente forma parte actualmente da asociación?

A asociación está integrada actualmente por cinco persoas, das cales tres son avogadas. Todas traballamos de xeito totalmente gratuito, sen percibir ningún tipo de remuneración.

Que labor fan dende a asociación?

Dende a asociación dedicámonos principalmente ó asesoramento e acompañamento de vítimas de violencia de xénero. Dende o momento que unha muller decide, xa non tanto pedir axuda porque iso costa moito, senón contalo, nós estamos aí para acompañalas en todo o que necesiten no seu proceso. É certo que moitos casos teñen grandes similitudes pero non é menos certo que cada muller é un mundo, cada historia é diferente e non se pode xestionar a loita contra a violencia de xénero dende os despachos, que é o que se está facendo. Nós facemos traballo de campo, estamos aí man a

man coas vítimas en todo o proceso, hai xente que vén un día e non volve porque son situacións complexas e hai persoas que levan anos con nós, porque se establece unha ligazón.

Que ten que facer alguén que precise porse en contacto coa asociación?

Contactar con nós é moi sinxelo, temos un número de teléfono 662 537 825 e un correo electrónico asociacionsihaysaida@gmail.com onde quen o precise pode chamar ou escribir. A partir de que se poñen en contacto con nós vemos en que situación está cada muller e como podemos axudar. Nós non temos local, posto que non temos ingresos e non percibimos subvencións, pero grazas ás compañeiras avogadas dispoñemos dun espazo con privacidade para reunirse, atendelas e axudalas.

E alguén que queira colaborar?

Dende a nosa asociación non recollamos ningún tipo de axuda económica, o que si agradecemos moito é o traballo de acompañamento ás mulleres. Moitas veces o simple feito de estar presente mentres están esperando para declarar, por exemplo, que son momentos nos que se sente moita soidade xa é de moita axuda.

Ademais de acompañamento ás vítimas dende a asociación realizan outro tipo de traballos?

Si, dende a asociación tamén realizamos charlas e xornadas. Esta é unha parte do noso traballo que coidamos especialmente, tanto as charlas que

impartimos en colexios ou institutos coma as xornadas que organizamos noutros foros. O traballo nos institutos é de gran importancia porque por un lado dan a coñecer a xente máis nova unha cara da violencia de xénero aínda moi descoñecida pola inmensa maioría, xa que nós vivimos o día a día coas vítimas e por outro lado serve para identificar posibles casos de violencia e para a prevención da mesma. Para as xornadas que organizamos contamos case sempre coa colaboración de recoñecidos profesionais de diversos eidos, que nos axudan e nos permiten amosar a loita contra a violencia de xénero dende diversos puntos de vista, algo moi importante para alertar sobre numerosas eivas que aínda existen na loita contra esta.

Como cre que está este tema entre a xuventude?

Eu son a súa fiel defensora e aposto pola xuventude, si é verdade que hai un repunte, eso non o podemos negar, como tamén o hai entre os adultos pero é moi doado criticar e non facer nada de autocrítica os adultos. As persoas que somos os referentes debemos pararnos a mirar que é o que estamos facendo mal, porque o mellor están reproducindo o que lles estamos ensinando todos os días e o que consumen nos diferentes medios dixitais e programas da televisión. É moi importante tamén dende os espazos adultos non minimizar os sentimentos e os relatos das rapazas máis novas que acoden para contar que o seu mozo as está controlando,



que lles mira o móbil ou que lles pide os contrasinais.

Tivo algo que ver a pandemia con este repunte da violencia?

Temos que ter en conta que hai épocas do ano onde existen repuntes deste tipo de violencia como son as vacacións de verán, o Nadal, as pontes ou os fines de semana. Isto é a consecuencia dun maior tempo de convivencia polo tanto a pandemia para nós foi moi angustiosa. Trouxo como consecuencia que moitas destas mulleres quedaran pechadas co seu agresor durante o confinamento sin que nos puidesen chamar ou nós contactar con elas. Existe unha crenza moi estendida de que é un delito de determinadas contornas culturais e estratos sociais e non é verdade. Calquera muller nalgún momento determinado pode ser vítima de violencia de xénero e calquera home pode ser un maltratador.

Cre que se está a avanzar na erradicación da violencia de xénero?

Eu quero pensar que si, cando eu denuncié á miña parella pasei un calvario por duplicado. Cinco anos despois de separarme e cun neno pequeno coñecín ó home que case

me mata, cando fun denunciado, no hospital portáronse moi ben comigo, pero na comisaría díxéronme que non dese que falar e que volvese a casa con el. Nese sentido algo avanzouse, pero no mesmo sentido que digo que se avanzou, dende que comezamos nós no 2014 ata agora volvemos experimentar un retroceso e hai un repunte da violencia de xénero. A nivel de sociedade si que houbo avances pero tamén chegou un momento no que a violencia de xénero se fixo un oco na sociedade, e está aí perfectamente instalada.

Que lle diría a unha muller que está sendo vítima?

Unha vez asumida a condición de vítima, que é unha das maiores dificultades, o primeiro que lle diría a unha muller que se atope nesa situación é que pida axuda a alguén en quen confíe e que non minimize a súa situación aínda que non sexa quen de entendela. E por suposto que denuncie. Se algo teño claro é que non hai outro xeito de saír da violencia de xénero que non sexa denunciando. Agora ben, tanto ou máis importante que a denuncia en si é que, ao facelo, non se sinta cuestionada, mal atendida ou desprotexida.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

Fuxan os Ventos, unha das tres mostras que abriron este mes

O grupo de música galego Fuxan os Ventos abriu unha mostra para conmemorar o seu 50 aniversario. Co título *Fuxan os ventos, 50 anos de historia* inaugúrase esta mostra no Vello Cárcere.

Esta exposición nace da necesidade de celebrar os 50 anos de historia do grupo lugués Fuxan os Ventos e tamén da necesidade de por en valor o seu percorrido musical. O proxecto expositivo idéase por un grupo de persoas entre os que se atopan varios membros do grupo, a comisaria Sabela Fraga, a directora de arte Melania Freire e a coordinadora do proxecto Noa Díaz. Esta mostra está pensada para inaugurar no espazo do Vello Cárcere na mesma data na que o grupo fixo a súa primeira actuación cincuenta anos antes.

Fuxan os ventos ofreceu o seu primeiro concerto o 22 de outubro de 1972 no III Festival das San Lucas de Mondoñedo. Medio século despois a mostra pretende lembrar unha das agrupacións máis emblemáticas da música galega a través da ampla variedade de formatos que conforman o seu arquivo persoal. Fotografías, carteis, instrumentos, poemas, partituras e audios inéditos son algunhas das pezas a través das cales poderemos mergullarnos na cronoloxía e no universo creativo do grupo, nunha mostra que, ademais, conta coas achegas de múltiples persoas e entidades culturais do país.

Paralelamente elaborárase un catálogo da exposición, que editará o Consello da Cultura Galega e que se presentará, tamén en Lugo, coincidindo co peche da exposición. Neste,



ademais dalgún traballo de análise e investigación, farase un percorrido polos elementos máis significativos da exposición.

A mostra que se presenta o sábado está coorganizada pola Xunta de Galicia e a Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo e conta ademais coa colaboración do Consello da Cultura Galega. Promove a súa itinerancia a Rede Museística Provincial, que depende da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

A mostra poderá visitarse no Vello Cárcere ata o 22 de xaneiro de 2023. Polas mañás en horario de 11.00 a 14.00 e polas tardes dende as 17.00 ata as 20.30 de domingo a mércores e entre as 17.00 e as 22.30 de xoves a sábado.

ESTHER LÓPEZ. A Deputación abriu a exposición fotográfica *Engurras*, de Esther López Álvarez, no corredor de acceso ao Salón de Plenos do Pazo de San Marcos. A mostra, que poderá verse ata o 8 de novembro, inclúe



10 imaxes de retratos e de mans de veciños e veciñas do rural da provincia de Lugo.

A autora, natural de Baralla, explica que a colección fotográfica naceu como homenaxe á súa avoa e trasladouse ao proxecto final de Formación Profesional de Fotografía, estudos que cursou na Escola Superior de Arte e Deseño Ramón Falcón. Entre os retratados aparecen veciños de Baralla, Monterroso, Becerreá ou o barrio de San Fiz, en Lugo, entre outros, que a fotógrafa se foi “atopando no camiño” e retratando.

“Son 10 imaxes de persoas de entre 70 e 100 anos do rural, persoas que traballaron e que as súas mans son un retrato da súa vida de traballo. Optei por xente do rural porque eu son do rural, son de Baralla e é o que vin dende pequena”, explicou Esther López. Así mesmo, destacou que comezou a traballar os retratos e deuse conta de que “as mans contábanme historias, dicían algo máis”.

Os concellos de Viveiro e Carral galardaron dúas fotografías deste

6.000 persoas visitaron A Revolta dos Clicks



O tenente Alcalde, Rubén Arroxo anunciou que a exposición *A Revolta dos Clicks*, organizada por AESCLICK e a Concellería de Cultura do Concello de Lugo, achegou xa a máis de 6.000 visitas no MIHL. Arroxo destacou que esta mostra “é unha maneira espectacular e divertida de achegarse á historia de Galiza, unha actividade lúdica e formativa para toda a familia, na que estamos a repetir o éxito da mostra organizada o ano pasado”. Rubén Arroxo destacou “a infinidade de detalles que puxeron as integrantes de AESCLICK en cada

un dos dioramas”, e animou ás veciñas e veciños de Lugo e a todas as persoas que se acheguen a visitar o MIHL e as súas mostras.

A Revolta dos Clicks consta de 5 dioramas, un central de 20 metros cadrados e outros catro de 4 metros cadrados cada un, nos que se atopan representados distintos momentos da revolta irmandiña e da vida nas poboacións galegas do século XV. Como o ano pasado, a mostra contou cunha audioguía, que se podía escoitar escaneando o código QR habilitado en cada unha das zonas da mostra.

proyecto, e recibiu os premios extraordinarios nas Ensinanzas Artísticas Profesionais nas modalidades de Música, de Danza, e de Artes Plásticas e Deseño de Galicia, no curso 2020/21.

CRISTINA GARCÍA. Abriu tamén a exposición *Terra de Soños*, organizada pola fundación La Caixa en colaboración coa área de Cultura do Concello de Lugo.

Esta exposición mostra, a través de 40 fotografías, a vida cotiá das e dos habitantes de Anantapur, no estado

de Andhra Pradesh, unha das zonas máis pobres da India, na que residen as comunidades máis marxinais e vulnerábeis do país.

A mostra fotográfica presenta a estratexia de traballo da Fundación Vicente Ferrer para mellorar a calidade de vida das persoas vulnerables, afondando a través do ollo de Cristina García Rodero no máis sensible e máxico do mundo feminino e na forza e capacidade de superación das mulleres de Anantapur. A exposición poderá visitarse no fondo da Praza Maior ata o 24 de novembro.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, baixo. 27003 Lugo
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

A TENDA DE FINGOI
ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

PANADERÍA
FRUTERÍA
ALIMENTACIÓN

SERVICIO A DOMICILIO
Calle Armórica 102, baixo - Lugo. Tel.: 982 225 409

Á venda as entradas da Candeloria

O festival da Candeloria anuncia unha nova edición para marzo de 2023. Baixo o lema *A penúltima sempre se tomou* a organización anuncia a volta do festival que non se celebra dende 2019. O evento terá lugar o 4 de marzo no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo e xa están os primeiros artistas confirmados.

Lendakaris Muertos, Boikot, Sondarúa e Me Fritos & The Gimme Cheetos son os artistas que compoñen o cartel que avanzou a organización.

As primeiras entradas estarán a venda a un prezo de 20€. A organización ten aberto un sorteo nas súas redes sociais e anuncia que quedan bandas por confirmar.

O Lugo Cultural xa ten en marcha a programación para o outono

Fotografía, videocreación, música de cámara e arte sonora centran as disciplinas artísticas sobre as que xirará este outono a programación de actividades impulsadas desde a USC, xunto co Concello de Lugo e a Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro do convenio Lugo Cultural.

FOTOGRAFÍA. O XXVIII Maratón Fotográfico, que se desenvolverá o domingo 6 de novembro, e o IV Certame de Videocreación, unha proposta que conxuga a creatividade con formación complementaria nesta disciplina artística, constitúen dúas iniciativas que contan co atractivo engadido de premios económicos ás propostas mellor valoradas polo xurado. A carón destas propostas, que xa están consolidadas na oferta cultural da capital luguesa, o programa do Lugo Cultural para a tempada de outono inclúe como novidades a posta en marcha dun grupo fotográfico e un certame de paisaxes sonoras coordinado polo compositor Arturo Vaquero.

O XXVIII Maratón Fotográfico do Campus, unha cita que xa ten aberto o prazo de inscrición, inclúe nesta edición como novidade un chisco á figura de Rof Codina. Este certame repartirá 900 euros aos participantes que acaden os premios Carlos Valcárcel, que distingue a mellor imaxe presentada a concurso; Eduardo Ochoa, galardón que recoñece a mellor fotografía do tema proposto pola organización, e un terceiro recoñecemento, tamén con gratificación económica, trofeo e diploma, para a mellor creación de temática libre.

A posta en marcha dun grupo fotográfico é outra das novidades da programación de outono do Lugo Cultural. O lugués Adra Pallón será o responsable de impartir as accións



formativas dunha iniciativa que pretende achegar formación para contar historias a través da linguaxe fotográfica e mesmo para a creación de proxectos fotográficos. As clases deste programa teórico e práctico, que está aberto a todo o público interesado con coñecementos mínimos de fotografía, desenvolveranse os venres, de 17.00 a 20.00 horas, na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo.

VIDEOCREACIÓN. O IV Certame de Videocreación é outra da propostas. As persoas interesadas en tomar parte nesta proposta poden formalizar a súa inscrición de balde ata o 23 de novembro.

O IV Certame de Videocreación amplía a 1.500 euros a dotación económica dos seus galardóns, entre os que figura o Premio Rof Codina, dotado con 300 euros. Do mesmo xeito que en anteriores edicións, este programa mantén os premios á videocreación con mellor linguaxe visual, o premio Isidro Novo, que distingue a mellor calidade literaria, e o galardón Araceli Herrero, que distingue a proposta que mellor integre todos os elementos comunicativos. A inscrición neste certame está aberta no enderezo electrónico cultura.lugo@usc.es.

O prazo de presentación das pezas, que non deben superar os cinco minutos, remata ás 13.00 horas do 23 de novembro, e a entrega de premios será o 21 de decembro ás 20.00 horas, no Museo Interactivo da Historia de Lugo.

PAISAXES SONORAS. O programa ofrecerá tamén en novembro o evento Paisaxes Sonoras, unha nova proposta creativa aberta a persoas que queiran aprender como se poden realizar as gravacións e composición de espazos sonoros. O certame, cuxo prazo de inscrición estará aberto ata o 25 de novembro, contempla a celebración dunha master class impartida por Arturo Vaquero o 7 de novembro. Os participantes poderán optar tamén a premios.

A CARÓN DA MOSQUEIRA. O ciclo de cámara Músicas a Carón da Mosqueira volve tamén ao outono lugués con tres concertos na Casa do Saber. A pianista Marta Puig abrirá o 28 de novembro a nova edición deste programa, no que tamén participará o 12 de decembro a pianista Natalie Schwmanova. Natalia Labordette e Victoria Guerrero, que forman Dúo Lied, pecharán esta quenda de concertos o 19 de decembro.

O Festival de Jazz volve este mes de novembro

A 32ª edición do Festival de Jazz de Lugo celébrase este ano entre os días 4 e 20 de novembro. Cada mes de novembro ininterrompidamente desde o ano 1991 este festival de música trae a Lugo as grandes actuacións de jazz converténdose nos últimos anos nun dos principais fitos culturais da cidade de Lugo.

A edición deste ano contará con un total de 26 concertos onde poderemos atopar tanto a estrelas e grandes figuras internacionais a novos valores do mundo do Jazz. Tamén haberá representantes do mellor jazz estatal e galego. Dentro dos eventos máis destacados podemos atopar as actuacións de Luke Winslow-King & Band feat Roberto Luti, Sheila Jorda, Billy Cobham Band ou Javier Navas Quintet.

O Festival está organizado pola Asociación de Amigos do Jazz Escobijazz, un colectivo de lucenses unidos pola música e que se constitúe como asociación cultural no ano 1990, conta co apoio da área de Cultura do Concello de Lugo.



Maite Ferreiro animou a toda a veciñanza "a desfrutar do mellor jazz nunha edición que volve un ano máis para continuar a ampliar a programación de calidade que organizamos desde a área de Cultura do Concello de Lugo".

Esta XXIII edición do Festival de Jazz de Lugo contará cun programa dividido nos tres escenarios habituais, Círculo das Artes, Club Clavicémbalo e Casa do Saber

Os Xílgaros organizan a Foliada de Magosto

O sábado 5 a Asociación os Xílgaros de Lugo organiza a VIII Foliada de Magosto. O evento terá lugar no restaurante La Palloza e dará comezo ás 20.00. Haberá música a cargo dos grupos tradicionais Foldoraxal, Nove Ferreñas, Os da Chocolateira, Buxos Verdes, Searas e Os Xílgaros de Lugo. O longo da noite haberá sorteo de premios e a foliada será aberta.



SOLICITA TU KIT DIGITAL

El Kit Digital es una iniciativa del Gobierno de España, que tiene como objetivo subvencionar la implantación de soluciones digitales disponibles en el mercado para conseguir un avance significativo en el nivel de madurez digital.

¿Qué servicios te ofrecemos?

Desde Ingeniería Insitu, colaboramos con Galicia Digital e Innogando para ofrecer los mejores servicios a nuestros clientes.

- Web y Posicionamiento.
- Tienda Online/Ecommerce
- BI y Analítica
- Gestión de Redes Sociales. Social Media.
- Comercio electrónico.
- Servicios de oficina virtual.
- Gestión de procesos.
- Factura electrónica.
- Comunicaciones seguras.
- Gestión de clientes.



PARA MÁS INFORMACIÓN

Correo electrónico: lugodigital22@gmail.com
Número de teléfono: 623 53 94 67



CURSOS AFD 2022/2023

SEGURIDAD INFORMÁTICA	FINANCIAMIENTO DE EMPRESAS	SISTEMAS MICROINFORMÁTICO
IFCT0108	ADGNC108	IFCT0208
PROGRAMACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS	XESTIÓN DE MARKETING E COMUNICACIÓN	DESEÑO NA INDUSTRIA NAVAL
IFCT0609	COMM012	FMEC0308
ADMINISTRACIÓN DE BASES DE DATOS	GESTIÓN DA PRODUCCIÓN EN FABRICACIÓN MECÁNICA	CALDERERÍA
IFCT0310	FMEM0108	FMEC0208
ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ALMACENS	ORGANIZACIÓN DEL TRANSPORTE Y LA DISTRIBUCIÓN	
COML0308	COML0208	
SISTEMAS DE XESTIÓN DA INFORMACIÓN	IFCD0211	
		982 22 26 49 formacion@estudiosrafer.es



“Cada parte do proceso de facer música desfrutámola moito”

Berta Franklin é un grupo lucense que vén de presentar un novo videoclip

Berta Franklin é un grupo lucense que leva anos facendo música, veñen de actuar no San Froilán e xa subiron ó escenario de festivais coma o Caudal Fest, PortAmérica, Osa do Mar ou o FaCeLa Fest. Veñen de sacar un novo videoclip e están traballando nun novo disco, falamos con eles para coñecelos un pouco máis e saber dos seus proxectos de futuro.

Quen forma o grupo de Berta Franklin?

O grupo está formado por cinco integrantes, Borja García na batería, César López no baixo, Juan Castro nos sintetizadores e pianos, Jesús Iglesias en sintetizadores e guitarra e Marcos Vigo na guitarra e voz.

Como e cando nace o grupo?

A banda formouse a mediados de 2016 a raíz dun encontro fortuíto entre Jesús e Marcos. Despois de coñecerse e descubrir que tiñan unha liña común nos gustos musicais decidiron montar o grupo

Berta Franklin. Posteriormente fóronse engadindo os demais ata o que somos a día de hoxe, máis que unha banda, uns amigos que nos gusta xuntarnos e facer música.

Que é o que máis desfrutan da música?

O certo é que cada parte do proceso de facer música desfrutámola moito. Dende os primeiros pasos do xerme ou creación dos temas ata ver como vai medrando cando cada un aporta as ideas para conformalo. A gravación e posta en escena tamén nos gusta moito, todo ten o seu aquel, é un camiño natural que nos encanta recorrer dende o inicio ata o directo.

Veñen de estrear videoclip hai unhas semanas, que tal foi a acollida?

Sí, *Eléctricos*. A verdade é que estamos moi contentos coa resposta que está tendo. Estamos recibindo comentarios moi bos ao respecto e xa temos ganas de lanzar o seguinte.

Como de importante é agora para un grupo de música contar cunha boa produción audiovisual?

Pois para nós é imprescindible, xa que nesta nova etapa Berta Franklin conta con maiores retos para a posta en escena do directo. Moitas máis capas forman os novos temas, así que todos os elementos deben ir empastados e perfectamente coordinados.

Van gravar novo disco, que podemos esperar deste novo traballo? Cando se poderá escoitar?

Aínda non temos unha data fixada pero esperamos que sexa canto antes. Este novo traballo será máis enérxico, con atmosferas dominadas polos sons e texturas de sintetizadores analóxicos. Algo máis *ochentudo* poderíase dicir.

Teñen programado algún concerto proximamente?

Sí, xa temos sobre a mesa algunhas datas pero desgraciadamente aínda non as podemos desvelar... pero pronto.



Como é o seu proceso de creación?

Non existe un protocolo como tal, ás veces, un tema sae dunha improvisación no local outras algún de nós trae un tema que fixo na casa. Tamén pode ser que escoitemos algún disco ou tema e digamos, como molaría un tema con este rollo, atmósfera, etc... é bastante random.

Que estilo define o grupo?

Esta é unha pregunta complicada para calquera grupo, xa que encaixarse non lle gusta a ninguén. Diríamos que estamos preto do rock, do soul e do pop.

Como foi a evolución musical o longo destes anos?

Pois supoño que tampouco hai ningunha fórmula, foi evolucionando segundo o que nos pedía o corpo. Ao principio queríamos facer unha especie de soul en galego, pero o grupo cobrou vida e

foi medrando el só. Agora mesmo estamos facendo algo con moito sintetizador, baterías electrónicas... así que non sabemos que virá despois a verdade.

Cales son as influencias musicais de Berta Franklin?

Temos a sorte de que somos todos melómanos e moi eclécticos nos gustos, aínda que hai cousas que a todos nos *flipan*. Por non empezar a numerar decenas de grupos poderíamos dicir que dende Sam Cooke ata Radiohead.

Que momento lembran con máis agarimo dende que empezou o grupo?

Buff, hai moitos. Os momentos xusto antes de saír a tocar son increíbles. Tamén cando gañamos o concurso de Sonidos Mans, prestounos moito porque acabábase de empezar como quen dí, e é un premio a nivel nacional. Iso fíxonos moita ilusión sí.

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD

COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

O auditorio ten programado xa o segundo semestre de 2022

Maite Ferreiro presentou a programación teatral do Auditorio Municipal durante o resto do 2022. Maite Ferreiro explicou que “en total son 20 propostas, para distintos públicos, con actuacións de grupos de teatro de recoñecida calidade que conseguiron distintos premios”.

“Quixemos poñer o foco nas producións de artes escénicas de mellor calidade feitas en Galicia, que serán o fío condutor da programación, e contaremos tamén con obras internacionais de calidade contrastada”, explicou Maite Ferreiro, que engadiu “esta programación está pensada para o deleite das amantes do teatro e para facilitar un achegamento a esta arte por primeira vez”.

Como novidade, a área de Cultura organiza o ciclo Artistas no Foco, que pon a Lugo no mapa da programación cultural dentro das xiras de varios artistas por todo o estado.

A programación inclúe un total de 9 propostas para público adulto e 9 para familias, xunto con dúas obras máis do ciclo Artistas no Foco. Para acceder ao recinto será preciso adquirir entrada no portal entradaslugo.es ou de maneira presencial na oficina municipal de turismo, cun



prezo de 5€ nas actividades para público adulto e 3 nas actividades familiares. Ademais haberá bonos a un prezo de 27€ nas actividades para público adulto e de 22,50€ nas infantís, que permitirán acceder ás 9 actividades de cada idade. As persoas en paro, menores de 30, pensionistas e actores e actrices asociadas á AAAG terán un desconto do 30% nas actividades para público adulto. As entradas do ciclo Artistas no Foco poderán adquirirse a través do portal Ataquilla, con entradas de diferentes prezos segundo o espectáculo e a butaca escollida.

INVENTIO. O espectáculo Inventio chega a Lugo o vindeiro sábado 5 de novembro ó Auditorio Gustavo Freire. Con un formato para público familiar este espectáculo contará con dúas funcións, unha ás 17.00 e outra ás 20.30. As entradas xa están a venda na web entradas.ataquilla.com con desconto para os usuarios do Carné Xove.

Inventio, un espectáculo para todos os públicos que reborda humor, misterio e fantasía, e no que conviven a comedia e o drama, a danza, o ilusionismo e as artes circenses. Está concibido como un convite para gozar cos sentidos dunha historia onde o pasado e o futuro danse a man grazas á sucesión de números de maxia, levitacións, equilibrios, malabares, aéreos, audiovisuais e mais composicións de música tradicional galega fundidas con sons electrónicos. Cunha atmosfera máxica e unha posta en escena vangardista, Inventio recupera a paisaxe, os costumes, a música, a arte ou a arquitectura de Galicia nun espectáculo delicado e cegador, de busca e descubrimento. Inventio é un camiño de regreso á sensibilidade a partir da tradición e a modernidade.

Gema López realiza a primeira intervención do Culturban



A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, xunto co tenente Alcalde, Rubén Arroxo, visitaron a nova intervención artística que se está a levar adiante dentro do proxecto de arte urbano Culturban.

Maite Ferreiro explicou que desde a área de Cultura “seguimos a traballar en intervencións artísticas na rúa que convirían a Lugo nun lugar vangardista, participativo e amable, dando un lugar en Lugo aos proxectos máis recoñecidos dentro do muralismo a nivel galego e estatal”.

A nova fase do Culturban 2022 conta con 5 artistas locais (Iván Mouronte, Pia Piadosa, Noemí López, Iago Eireos e Gema López), que decorarán unha serie de cadros de luz ao longo da cidade. O primeiro,

realizado por Gema López, rende homenaxe á artista local Mónica Alonso, e que continuará en catro puntos máis da cidade rendendo homenaxe a 5 artistas lucenses escollidas por Gema López segundo a súa traxectoria.

Culturbán é mostra de arte na rúa, organizado e coordinado pola Área de Cultura do Concello de Lugo xunto a Espazo Lupa Arte que este ano celebra a súa III edición. Desde o Goberno de Lugo propónse un proxecto adicado a crear, producir e apoiar actividades relacionados coa arte urbana co obxectivo de propiciar e difundir as intervencións artísticas no espazo público, programando diversas actividades sobre arte e cultura en diferentes lugares e espazos da cidade de Lugo.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Un centro de referencia en Galicia A Deputación de Lugo converteu a Granxa Experimental de Leite nun motor do sector lácteo a través da innovación e a investigación



A Deputación de Lugo puxo en marcha hai preto de dous anos a Granxa Experimental de Leite na finca Gayoso Gastro, en Castro de Rei. Trátase dun centro de referencia que impulsa o sector primario como motor económico da provincia de Lugo e de Galicia a través do apoio á actividade gandeira, a formación, a innovación e a investigación.

A Unidade de Leite da Granxa Gayoso Castro, creada pola institución en colaboración co Campus Terra da USC, é o primeiro centro público experimental de Galicia que une formación e investigación universitarias sobre o sector lácteo. Ten como obxectivo poñer a formación, a investigación e a innovación ao servizo dos gandeiros e das gandeiras da provincia, de todo o sector primario, e do desenvolvemento do rural.

A Granxa Experimental de Leite cubre unha parte importante das prácticas da Facultade de Veterinaria e da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus Terra, o que supón un engadido de calidade na formación do alumnado porque fan prácticas nun laboratorio vivo. Neste curso formáronse 500 alumnos e alumnas do Grao de Veterinaria.

A institución provincial destinou 1,2 millóns de euros para a construción desta dotación, unha cantidade que representa o 90% do investimento total necesario. O Campus Terra da USC achegou o 10% restante, e a institución provincial asume ademais o 100% dos gastos de funcionamento.

A maiores do previsto inicialmente, a Deputación decidiu pavimentar a contorna do centro, investindo preto de 140.000 euros, para mellorar a presenza e os accesos á infraestrutura.

As instalacións están construídas nunha finca de 15.500 metros cadrados de titularidade da Deputación, e ao pé da Granxa Gayoso Castro. Ten capacidade para 70 vacas produtoras e 12 secas. Conta cunha nave para gando de leite, unha nave de maquinaria, un aulario (habilitado para 40 alumnos e alumnas, e 20 prazas de persoal investigador), unha fosa de xurro e dous silos de formigón. Conta cunha sala de muxido que ten capacidade para dez cabezas de gando e que utiliza un robot, un mecanismo que se combinará co pastoreo, un sistema pouco común aínda en Galicia pero moi estendido noutras zonas de Europa e que permite diminuír os custes e valoriza o leite.

A Granxa Gayoso Castro é un dos piares máis importantes do apoio que está a desenvolver a Deputación de Lugo ao sector primario da provincia, tanto á actividade agrogandeira e forestal como do mar, un compromiso que tamén se materializa noutras accións innovadoras e pegadas á realidade que a institución provincial impulsa en colaboración co tecido produtivo e coa Universidade para xerar actividade económica e emprego sostible no rural.

Volven as XIX Xornadas Técnicas de Vacún de Leite

As XIX Xornadas Técnicas de Vacún de Leite terán lugar os vindeiros 10 e 11 de novembro na Facultade de Veterinaria do Campus Terra de Lugo.

A Deputación de Lugo apoia cunha achega económica de 12.000 euros estas xornadas, que poñen en contacto o traballo dos gandeiros cos novos avances en investigación.

As xornadas darán comezo o xoves día 10 de novembro cunha inauguración ás 10.30 para dar comezo coa primeira charla ás 11.00 que versará sobre a resistencia dos antibióticos. O

longo de todo o día diferentes charlas tocarán temas como a relación entre saúde metabólica e produtividade do gando bovino, a PAC 2023-2027 ou sobre benestar no gando. O día remata con un encontro gandeiro ás 18.00.

O venres as charlas dan comezo ás 11.00 e tocarán temas como a dermatite, estratexias de alimentación e manexo na etada de leite ou as propiedades do leite sobre a nosa saúde. Para finalizar as xornadas haberá un acto de clausura ás 18.00.

O Pazo de San Marcos acolle as Xornadas Luis Asorey

O capital natural e os servizos ecosistémicos como base da nova economía centran a temática das XXXIII Xornadas Luis Asorey Rey, un programa monográfico promovido pola Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) xunto co Campus Terra da USC e a Deputación Provincial de Lugo, que se desenvolverá do 14 ao 23 no Pazo de San Marcos.

As xornadas, coordinadas polo catedrático emérito na EPS de Enxeñaría e académico, Antonio Rigueiro, están estruturadas nunha serie de relatorios, nos que se abordará a importancia dos bens naturais e as súas externalidades. A restauración do capital natural tralos incendios forestais, os servizos ecosistémicos da Rede Natura 2000, os servizos ambientais na nova Política Agraria Co-

mún, a paisaxe, a compensación das emisións de gases de efecto invernadoiro, a biodiversidade, os servizos ecosistémicos dos sistemas agroforestais ou o valor de monumentos naturais como son as árbores senlleiras, capitalizarán a temática das intervencións programadas neste ciclo, cuxas sesións, de asistencia libre e gratuita para todo o público interesado, se desenvolverán en quenda de tarde, de 19.00 a 21.00, no Pazo de San Marcos.

A académica e catedrática do Departamento de Fundamentos da Análise Económica da USC, María Loureiro ofrecerá a conferencia de apertura cunha relatorio baixo o título Restaurando o capital natural: lumes e accións postincendios.

Inaugúrase o proxecto Troya para facilitar a empregabilidade

A Facultade de Administración e Dirección de Empresas do Campus Terra acolleu o curso para o Desenvolvemento de Habilidades Empresariais, o proxecto Troya, impulsado pola Asociación Síndrome de Down de Lugo en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.

Este programa ten como finalidade mellorar a empleabilidade deste colectivo, e traballar de forma transversal noutros obxectivos, como a mellora da súa autonomía, habilidades coas novas tecnoloxías e habilidades sociais, xa que para os usuarios e usuarias da asociación a asistencia ás sesións é só unha parte do seu compromiso, en tanto que deberán manter un contacto cos seus mentores, ter rutinas de estudo, relacionarse co novo ámbito e utilizar o transporte público.

O curso levarase a cabo durante os mércores dos meses de outubro a



decembro na Facultade de Administración e Dirección de Empresas.

A formación está destinada a persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual usuarias da entidade lucense que se atopan na busca ou mellora de traballo. “O emprego é a mellor política social, fonte de recursos económicos, mecanismo de sociabilidade e soporte da independencia persoal”, subliñou

o Deputado, engadindo que, polo tanto, “fomentar o emprego das persoas con diversidade funcional ou intelectual é a mellor maneira de favorecer a súa integración”.

A institución mantén unha colaboración económica coa Asociación Síndrome de Down, á que achega preto de 13.500€ para o financiamento dos programas de promoción da autonomía persoal e social.

Cs propón un sistema de atención á infancia para facilitar a conciliación

Ciudadanos propón crear un servizo de atención á infancia a domicilio que permita cubrir necesidades puntuais de conciliación das familias lucense. “Non é de recibo que un Goberno local que se declara feminista, non traballara nesta liña no que vai de mandato. O bigoberno ten que ter presente que o custe persoal, social e emocional ante as dificultades existentes na actualidade para conciliar, está sendo soportado na inmen-

sa maioría polas mulleres. Son múltiples os estudos que así o amosan e puidémolo comprobar durante a pandemia. De aí que é fundamental seguir avanzado para que deixe de ser un desexo e se poida converter nunha realidade”, afirmou a edila da formación laranxa.

“Por iso vemos necesario crear un servizo municipal de canguraxe. Unha atención á infancia a domicilio, desde os 4 meses ata os 12 anos,

tanto en horario diúrno como nocturno, que lles permita cubrir necesidades puntuais de conciliación. Así, os proxenitores poderán dispor dunha axuda externa de profesionais no seu domicilio durante aquelas horas nas que por motivos distintos, lles resulta imposible atender aos menores, e que terá un custe asociado ao seu nivel de renda e ao tempo que se solicite, e ao que se recorrerá con previa inscrición”, explicou.

Medinformática
SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES

Empresa líder en el mercado informático en la provincia de Lugo especializada en equipos portátiles y de sobremesa

RÚA SANTIAGO 1, BAJO C (FRENTE AL COLEGIO) - 27002 LUGO
T.982 254 813 - 982 241 601 / tienda@medinformatica.es

www.medinformatica.es

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

SOLUCIONES DE IMPRESIÓN A LA MEDIDA DE TUS NECESIDADES

Comeza a cesión de instrumentos do Banco da Escola Municipal

O tenente Alcalde, Rubén Arroxó, e a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, anunciou que comezou a entrega de instrumentos pertencentes ao Banco de Instrumentos Escola Municipal de Música. Os préstamos durarán como máximo un ano e cada estudante só puido optar a un instrumento. Para a adxudicación dos instrumentos, tívose en conta a renda familiar, ademais, o prazo de solicitude poderá abrirse varias veces cada ano.

“Trátase dun servizo para cubrir a demanda do alumando que non pode facer fronte á inversión que



require un instrumento musical. Así garantimos a igualdade á hora acceder á iniciación no mundo da música de todas as persoas independentemente da súa capacidade económica”, indicou Maite Ferreiro.

O préstamo dos instrumentos ten carácter temporal e as persoas beneficiarias deben devolvelos ao final de cada curso.

Ximena Cheda encabeza a lista de primarias de Podemos

A agrupación de Podemos Lugo avanza cara a súa participación nas eleccións municipais de maio do 2023. O día 10 iniciouse o proceso de Primarias para as persoas inscritas que queiran ser candidatas nas vindeiras eleccións municipais e posteriormente publicouse o listado das persoas inscritas no ámbito de Lugo para dito proceso de Primarias, coa candidatura a cabeza de lista presentada pola militante Ximena Cheda.

Xunto a Ximena, presentáronse para o corpo da lista outras 10 persoas do Círculo de Lugo, “deste xeito, os compañeiros toman o relevo do gran traballo realizado polas equipas previas”.

Podemos afirma que “estas candidaturas do Círculo de Lugo nacen cunha orientación de traballo polas persoas que máis o necesitan, feminista e ecoloxista”.

Ofrecen cursos gratuítos para manexar desfibriladores

A área de Benestar Social achegará este trimestre á poboación 6 cursos de formación para aprender a manexar os desfibriladores.

O contido das clases abrangue aspectos tales como a identificación dunha parada cardiorrespiratoria, as manobras de reanimación cardiopulmonar ou como empregar o DEA e quen pode manexalo.

Haberá dúas sesións por mes, cada unha de 5 horas de duración, que terán lugar entre as 16:00 e as 21:00 e serán o 10 de novembro, no Centro de Convivencia Maruja Mallo, o 26 no Centro de Convivencia de Fingoi, o 13 de decembro, no Centro Interxeracional Paco Martín e o 17 de decembro, no Local Social Díaz Castro.

As persoas interesadas en asistir poderán anotarse a través do teléfono 982231613 ou enviando un



correo electrónico a lugoconcorazon@lugo.gal indicando o nome completo, DNI, teléfono de contacto, así como o centro de preferencia e a data para realizar o curso.

Esta iniciativa enmárcase no programa Lugo con Corazón co obxectivo de converter ao municipio nun dos concellos máis cardioprotexidos do noroeste peninsular.

Adega inicia unha nova quenda de roteiros

A delegación de Lugo de Adega dá comezo este domingo o programa de roteiros 2022/23 que leva por título Depredación da natureza ou autosuficiencia.

“Nos últimos anos os intereses económicos son o compás de políticas colonialistas que co obxectivo de converter o rural nun gran polígono industrial, destrúen a biodiversidade e as formas de vida tradicionais. A eucaliptización, o negocio dos lumes, a implantación dunha fábrica como Altri na Ulloa, ou a actual vaga eólica son algúns dos temas que nos levarán neste curso polas provincias de Lugo e Ourense. Coñeceremos parte dos valores ambientais que poderían perderse, en colaboración con entidades e colectivos locais que loitan por defender o territorio dos continuos ataques do sistema capitalista”, explican.

Estase dando prioridade a proxectos que ocupan con cemento solos fértiles, destruindo espazos naturais que aportan beneficios ecosistémicos ao entorno no que se atopan. Promóvese a eucaliptización de grande parte do País, coa perda de biodiversidade e de risco que isto supón. A implantación de macrocentrais eólicas con longas liñas de alta tensión asociadas, que fragmentan o territorio e cuxa produción se destina á exportación, non ao consumo interior.

Abriron o programa en outubro co roteiro O Courel revive sempre. Orlando Álvarez guiou a andaina dende o Alto do Couto ata Parada onde visitaron a Fundación Uxío Novoneyra e reencontrámonos con Juan de Vilar. O percorrido ten unha lonxitude de 9 Km (3-4 horas) e é de dificulta-



de media.

O seguinte será o 20 de novembro con O corazón da Galiza. Biodiversidade, auga e terra, por terras da Ulloa. En decembro, o 18 será O Miño ameazado en orixe, por Meira.

O 2023 comezarán o 15 de xaneiro coa ruta friolesa Mámoas e petróglifos: custodiando ós nosos ancestros. O 26 de febreiro será en Lugo A depredación a mantenta das nosas florestas e o 26 de marzo As aves na trampa do vento (A Mariña).

Xa na primavera, o 23 de abril visitarán na Fonsagrada A Fonte Sagrada; o 21 de maio tocará Biodiversidade ameazada polo lume no parque natural (O Invernadoiro) e rematarán o 25 de xuño con A loita dun pobo, gañar e perder, en Castrelo do Miño.

Os roteiros de Adega-Lugo están abertos á participación de público de todas as idades aínda que os socios e socias de Adega gozarán de desconto no prezo, así como as persoas que están estudando, en situación de desemprego ou os menores de 14 anos. Así, o prezo xeral será de 18 euros, 12 para socios/as de Adega: 12€; 15 para estudantes ou en paro e 5 euros para os menores de 14 anos.

¿Los clientes te encuentran en Google?

¿Estás posicionado cuando alguien busca el servicio que ofreces en Lugo?


Colocaremos tu negocio en el mapa... Literalmente.

Fontaneros en LUGO

Peluquerías en LUGO

Fisios en LUGO

Abogados LUGO



ESCANÉAME
o entra en:
www.ziguatanejo.com
633 621 130
Ziguatanejo
SEO LOCAL | SEO | SEM | REDES SOCIALES

Xuventude lanza novas actividades para este outono

O Goberno de Lara Méndez, a través da concellería de Xuventude, dirixida por Mauricio Repetto, lanza para este outono actividades para impulsar entre a mocidade lucense hábitos de vida saudable vinculadas co deporte e unha boa alimentación, así como co uso responsable da moda.

“Tratamos con todas estas actividades darlle alternativas de ocio á xuventude de Lugo que sexan divertidas e que ao mesmo tempo lles axude a adquirir hábitos sans e sostibles, incluso desde un punto de vista medioambiental, de acordo o modelo de cidade no que estamos a traballar”, sostivo o concelleiro.

As actividades desenvolveranse na Casa da Xuventude e as persoas interesadas poderán inscribirse a través dun formulario.

Dentro destas actividades podemos atopar un obradoiro de moda circular, que busca ensinar á mocidade a darlle unha nova vida ás prendas de roupa que xa non utilizan.

O Concello tamén ofrece unha gran variedade de opcións deportivas dende clases de zumba, ioga ou escalda ata a posibilidade de facer rutas de senderismo e rutas de E-Bike.

Regresa este mes unha nova edición do Concurso de Tapas

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, xunto ao presidente da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo (APEHL), Cheché Real, presentaron a XVII edición do Concurso de Tapas de Lugo, que este ano celebrárase entre o 4 e o 20 de novembro.

Maite Ferreiro puxo en valor a importancia deste concurso para a cidade e para o turismo, así como para a hostalería local, e agradeceu aos establecementos participantes “o seu esforzo en buscar cada ano novos traballos con produtos locais”. Cheché Real falou do “agradecemento ao Concello polo apoio a este concurso”, e anunciou que “contamos cunha ampla participación de locais de hostalería, do mesmo xeito que nos anos anteriores”.

As tapas estarán dispoñibles para o público como mínimo en horario de 13.00 a 15.30 e de 20.00 a 22.30 horas. Os votos contabilizáranse mediante o cupón de vota-



ción, que terá que ir selado polo establecemento e cuberto cos datos da persoa consumidora. A valoración farase do 1 ao 5, sendo 1 a nota máis baixa e 5 a máis alta. Todos os cupóns entrarán no sorteo de distintos premios. O Xurado Popular elixirá o establecemento gañador, e un Xurado Técnico otorgará outros tres primeiros premios, así como o maridaxe con Estrella Galicia e Ribeira Sacra.

O cemiterio lugués conta en novembro con novas actividades



A Concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, presentou as actividades que se realizarán no Cemiterio co gallo da festividade de Santos. Cristina López presentou as cinco primeiras actividades que se estenderán até mediados de decembro. “Trátase dunha serie de actividades diversas e que agardamos que toda a veciñanza se achegue ao cemiterio”, explicou Cristina López.

Malia que as actividades xa co-

mezaron o propio día de Santos, o día 6 a partir das 19.00 horas haberá unha lectura dramatizada de Don Juanín, a cargo de nenas e nenos de Malala Teatro e da Escola Palimoco de Teatro.

As actividades continuarán con visitas teatralizadas o día 20 de novembro e o 18 de decembro, con Achádego Teatro, ambas a partir das 17:30 horas, e co concerto da lembranza, adicado a Ana Goy, que será o 30 de novembro ás 19:30.

Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA

KYOCERA
Distribuidor Autorizado

EPSON

OKI
Premium Partner

EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

red.es KIT DIGITAL

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com



Homenaxe a Rafael de Vega e ao profesorado

“O 21 de outubro de 1936 foi un dos días nos que se escribiu unha das páxinas máis negras da historia de Lugo co fusilamento do doutor Rafael de Vega Barrera. 86 anos despois, e lembrando aquela terrible inxustiza, podemos congratularnos de que esta data sexa sinónimo tamén, a partir de agora, da recuperación de parte da dignidade que a Ditadura lle quixo negar a tantas persoas e ás súas familias”. Con estas verbas, a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, deu comezo á homenaxe coa que o Concello de Lugo quixo enxalzar a figura de Rafael de Vega, na conmemoración do 86 aniversario da súa morte. Por outra banda, a Horta do Seminario acolle unha escultura coa

que Lugo rende homenaxe aos docentes, “unha profesión que é un pilar clave porque nas súas mans teñen a importante responsabilidade de transmitir o coñecemento ás novas xeracións e unha formación de calidade sempre nos fortalece como sociedade”, sostivo a alcaldesa lucense, Lara Méndez. A obra, do artista José Gómez de Bernardo, reflicte o saber en forma de libros esculpidos en pedra, “unha escultura que se sitúa nunha praza rodeada de centros educativos, unha praza que é zona de paso da comunidade educativa polo que é, sen dúbida, un dos mellores escenarios para homenaxear o traballo docente”, comentou a rexedora.

A área de Educación pide á Xunta ampliar os espazos para os comedores escolares

O concelleiro de Educación e Difusión do Coñecemento, Felipe Rivas, vén de manter unha xuntanza con familias e directiva do colexio Illa Verde, xunto coa empresa concesionaria dos comedores escolares, de cara a buscar a mellor solución para a prestación do servizo de comedor escolar. Rivas explicou que “desde a concellería de educación trasladaremos á Xunta a necesidade de ampliar os espazos destinados aos comedores escolares”.

O concelleiro de Educación afirmou que “cada vez máis familias optan polos comedores escolares, o que está facendo que en moitos centros os espazos habilitados non sexan acordes á demanda”. “Os comedores escolares son competencia da Xunta de Galiza, e debe ser a área de educación do goberno galego quen habilite máis espazos para cumprir coa demanda das familias”, explicou Felipe Rivas.

“O goberno local inviste máis de 200.000 euros cada ano en prestar un servizo que a Xunta deixa de lado”, afirmou o concelleiro, que engadiu, “para que o Concello siga facéndose cargo deste traballo, precisamos contar cuns espazos dignos”.

“O Trunk Show é unha ocasión única para ver vestidos exclusivos”

José Ramón é o xerente de Fontelo Novias

Fontelo Novias é unha tenda especializada en vestidos de noiva e xastrería e cerimonia de cabaleiro que estes días acollerá un Trunk Show de dúas importantes firmas deste sector.

Fontelo Novias contará pronto cun Trunk Show. Que significa este termo?

Un Trunk Show é un evento exclusivo que se realiza nunhas tendas seleccionadas e neste caso avalado por dúas firmas de nivel mundial no mundo das noivas do grupo Pronovias como son St. Patrick e Nicole Milano. Nel permitirase ás noivas que se queiran achegares días ata a tenda, probar unha serie de vestidos exclusivos que están en rotación por todo o mundo e que desfilaron na Bridal Fashion Week de Barcelona. É unha ocasión única, exclusiva e puntual para só tres días con cada firma.

Como poden as futuras noivas anotarse?

Para asistir ao evento de St. Patrick, que será os días 10, 11 e 12, é necesario concertar cita previa chamando ao teléfono 982 253 376 para poder contar con toda a atención personalizada que nos caracteriza en Fontelo. O de Nicole Milano foi a finais de outubro.

Que se poderá ver eses días?

Cada firma achegará 15 vestidos de noiva e ademais contaremos con algún que xa está na tenda para poder probar.

Con que nos sorprenderán St. Patrick e Nicole Milano?

Dentro do amplo abano de produtos que nos presenta estas dúas maravillosas firmas en Fontelo Novia podemos escoller os vestidos que na nosa opinión cremos que completan a nosa extensa colección. O primeiro é que hai que facer unha diferenciación entre a liña de Nicole Milano deste ano chamada Symphony of Arts e a de St. Patrick, A State of Grace, xa que son liñas moi diferentes que se poden complementar pero que non se solapan.

A colección de Nicole Milano é moi rica en transparencias e son vestidos con silueta, brillos, tecidos que aportan mobilidade ás saias. Pero sobre todo preocúpase pola comodidade e a vestibilidade das súas prendas. Nicole Cavallo, a diseñadora, ten especial sensibilidade para recoller estas ideas. No tocante á colección de St. Patrick podemos dicir que conta con deseños modernos, sofisticados, cunha sutil sensualidade, e que farán sentir á noiva moi elegante e moi feminina.

Cómo naceu Fontelo Novias?

Pois somos a segunda xeración de Fontelo o que afortunadamente échenos de orgullo pois de algunha forma pon en valor o traballo que xa fixeron os meus pais nos anos 60.

A súa clientela é só de Lugo?

Non. Contamos cunha carteira de clientes moi importante e non só de Lugo cidade senón que se achega xente dende A Coruña, León, Ponferrada ou Ourense. Hoxe en día a xente móvese moito polos

comentarios de internet e as redes sociais e saben que en Fontelo Novias terán un produto diferenciado cunha atención personalizada e que coidaremos moitísimo o detalle, é dicir, aquí non improvisamos, a noiva non se atopará sorpresas a semana da voda.

Como é a maneira de traballar?

Facemos probas periódicas para facer un seguimento exhaustivo de como evoluciona a persoa e ademais face un ‘final fitting’ personalizado. Controlamos todo o proceso, é dicir, dende o día que chega o vestido fanse as primeiras probas e tamén damos a oportunidade de asistir cunha proba de peiteado para ver o ‘look’ total. Ademais seguimos sendo unha das poucas empresas que aínda segue facendo o servizo a domicilio dentro de Lugo cidade para que a noiva poda despreocuparse. As nosas noivas compran un produto pero a nosa obrigación é proporcionarlles o mellor servizo e o máis completo posible.

Cando as noivas chegan á tenda por primeira vez, veñen con ideas claras ou se deixan asesorar?

Pois a verdade é que hai de todo. Hai xente que ven con moita información, outros que veñen sen ningunha e outros que se deixan asesorar. Pola nosa banda, sempre buscaremos a mellor opción para elas, para poder resaltar a súa feminidade, para ter en conta e por en valor onde se celebrará o evento, pois non é o mesmo facer unha voda civil no campo que unha relixiosa nunha igrexa. Por iso complementar a imaxe da



noiva, co vestido, e co día da celebración é o máis importante. E que os días posteriores nos chamen e nos digan que todo foi perfecto, que estivo moi cómoda e que lle encantou o vestido é a nosa maior recompensa.

Contan que atelier propio?

Si, o que nos permite facer os arranxos necesarios para coidar e mimar aos nosos clientes, así os traxes sempre están no noso poder.


Contan con importantes marcas ao longo destes anos.

Por suposto. Temos provedores que levan confiando en nós 30 anos, isto significa que hai moi boa relación, moi boa química é unha seriedade absoluta. Contamos con oito firmas de noiva e tres de cabaleiro e todas en exclusiva para a provincia. Ademais temos unha

variedade e un mostrario moi amplo tanto de noiva como de noivo e na liña sartorial de xastrería tanto para invitados como para padriños e acompañantes. Tamén ofrecemos a posibilidade de darlle o look total tanto aos noivos como o padriño, pois podemos vestir desde o tocado, o vestido, a roupa interior e zapatos.

Para rematar, qué consello lles daría aos noivos que están buscando o traxe para o seu gran día?

O primeiro é darlles as nosas felicitacións e despois dicirlles que se centren na súa zona xeográfica, que miren as dúas tendas máis importantes que haxa e sobre todo que se deixen asesorar pois detrás de cada tenda hai un profesional que lle ofrecerá a mellor opción. Por último e tamén é importante e que valoren sobre todo o produto, o servizo e o prezo.



G-27-001194

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

“É importante para o corpo facer exercicio e non deixalo nunca”

Erika Arribas, responsable do centro de pilates que leva o seu nome

Erika Pilates Center é un centro de referencia na práctica do pilates en Lugo, falamos coa súa responsable, Erika.

Cando e como nace Erika Pilates Center?

Erika Pilates comeza en maio do ano 2013. Facía un ano que fora nai e quería unha certa estabilidade laboral. Despois de rematar a licenciatura de actividade física e deporte especialiceime en pilates mat, pilates maquinas, abdominais hipopresivos, pilates embarazadas e pilates con patoloxías.

Canta xente forma parte da empresa na actualidade?

Actualmente formamos parte da empresa dúas persoas, Puri e eu.

Que beneficios aporta o pilates?

O pilates aporta beneficios como a mellora da aliñación corporal, que sería a base do día a día. Tamén controlamos a respiración co que podemos chegar a unha mellor re-

laxación. Melloramos a estabilidade muscular, sobre todo esta parte é importante para todas as doenzas de costas, aumentamos o ton e forza de musculatura, melloramos a flexibilidade e reducimos o estrés diario.

Que persoas se poden beneficiar deste exercicio físico?

Calquera persoa que o desexe pode beneficiarse desta actividade, non hai límite de idade nin de patoloxía.

Ademais de pilates que outros servizos ofrecen?

Os venres tamén temos abdominais hipopresivos, recuperación posparto e ioga.

Traballan con embarazadas e mulleres que están no posparto, de que maneira?

Con mulleres embarazadas traballamos adaptando o pilates a elas e ó momento do embarazo no que se atopan. Coas mulleres que están no posparto facemos unha valora-

ción previa e logo decidimos en que punto do pilates comezar.

En que consiste a reeducación da postura?

A reeducación da postura sobre todo é unha mellor colocación do corpo e tódolos seus músculos para o día a día, tanto no traballo como nas tarefas que levamos a cabo. Facendo unha boa conexión entre o corpo e a mente.

Como traballan a osteoporose dentro do centro?

A osteoporose é unha patoloxía máis, que sobre todo padecen as mulleres, e témolo en conta adaptando certos exercicios e considerando o momento da patoloxía na persoa.

Que é o que máis valora a xente do seu traballo?

Pois iso terían que dicir eles, pero quizais un trato próximo, despois que confirman por si mesmos o ben que senta a actividade por si soa.



Que lles diferencia do resto de centros de pilates?

Levamos dez anos no mundo exclusivo do pilates chan, somos realistas de como veñen ó centro os usuarios e do que necesitan, non buscamos ximnastas, buscamos poder mellorarlles o día a día. Neste tempo témolo conseguido con éxito.

Como de importante é estar en constante formación nun campo como este?

Esta actividade procede da ciencia do deporte e como toda ciencia está en constante aprendizaxe e avance. Pois o pilates exactamente igual, sempre se avanza e descubren cousas novas que son boas para o corpo.

Cal é a importancia de realizar

exercicio físico con regularidade?

É importante para o corpo facer exercicio e non deixalo nunca. Ten beneficios tanto para o corpo coma para a mente, as melloras nótanse enseguida, en só o primeiro mes a xente xa mellora. Algunhas persoas ata din que crecen debido a esa reeducación postural e colocación de todo o corpo. Tamén mellora o rego sanguíneo, pensaremos con maior claridade o saír. Cunha mellor tonificación as doenzas parece que quedan no pasado.

Algún proxecto de futuro?

No futuro próximo xa temos uns novos aparellos encargados que nos aportarán gran variedade de exercicios novos, e no futuro máis lonxano queremos ampliar o local e poñer pilates máquinas.

economía

Arroxo cre que os orzamentos da Xunta perpetúan o abandono

Rubén Arroxo, portavoz do BNG no Concello de Lugo, realizou unha valoración do proxecto de orzamentos da Xunta de Galiza de cara ao ano 2023. Arroxo lamentou que “o proxecto de orzamentos presentado polo PP perpetúa o abandono ao que a Xunta leva sometendo a Lugo durante os últimos 13 anos”, e engadiu “proxectos importantes para a cidade contan con partidas orzamentarias baixas ou inexistentes, demostrando que Lugo seguirá un ano máis sen ver avances na recuperación do barrio da Tinería ou sen ver completado o Plan Paradai”.

O Aeródromo de Rozas recibirá en total 20.216.872€ a través da Axencia Galega de Innovación. O portavoz do BNG puxo como exemplo que “a metade do investimento que a Xunta adica para o Aeródromo de Rozas permitiría rematar a recuperación do Barrio da Tinería, unha débeda da Xunta de Galiza con Lugo desde o ano 2009, cando coa chegada do PP ao goberno se paralizaron proxectos cuxa elaboración xa estaba licitada”, en referencia á recuperación do Pazo de Dona Urraca ou a escavación da

UI-7, onde se atopan os fornos. O proxecto comezado no bipartito polo BNG, cuxo investimento ascendeu a máis de 30 millóns de euros, gañou o Premio Dubai de Boas Prácticas da ONU. Rubén Arroxo lamentou “o mal estado no que se atopa esta zona da cidade, despois do impulso feito pola Consellería de Vivenda para rehabilitalo”, e comparouno “co traballo que desde o BNG estamos a facer no goberno do Concello de Lugo para mellorar e potenciar a imaxe da Muralla”.

O orzamento da Xunta para o 2023 conta cunha partida de 500.000 euros para o plan Paradai, “unha partida que se repite anualmente nos orzamentos e que nunca se executa”, afirmou o portavoz do BNG, que engadiu “trátase dun investimento insuficiente para rematar os traballos pendentes no enlace da rúa Serra de Meira, As Gandaras e os aparcadoiros da Praza Conde de Fontao, obras moi necesarias para Lugo mais que para o PP non son prioritarias”. Cuestións como o investimento en abastecemento e saneamento no rural tampouco forman parte dos

investimentos da Xunta de cara ao 2023 para o concello de Lugo. Arroxo afirmou que “Lugo queda de lado mentres que outros concellos de Galiza si reciben partidas orzamentarias para isto”.



Subliñan que o centro histórico ou o rural son algúns dos olvidados

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, lamentou que o anteprojecto de orzamentos “ignore tanto as débedas e compromisos adquiridos ao non incluír partidas para o Centro Histórico, a conservación do patrimonio, os barrios e o rural. Mesmo menospreza os proxectos anunciados por Feijóo para Lugo”.

Na súa valoración do anteprojecto de orzamentos, a alcaldesa destacou o nulo compromiso co Centro Histórico, onde a Xunta elude as súas responsabilidades ao non existir partidas económicas para a

recuperación de vivendas nin para o Hospital de San Miguel e a Casa Torre, así como para o Museo da Romanización de Galicia ou para a recuperación dos fornos romanos atopados na UI-7 do barrio da Tinería e que constitúen unha das maiores concentracións deste tipo de infraestrutura industrial do noroeste peninsular.

A rexedora incidiu, alén, na necesidade de que a Xunta actúe nestes ámbitos das súas competencias para acompañar o enorme esforzo inversor que está a realizar o Conce-

llo “non só para mellorar a vida dos e dos residentes no Centro Histórico senón para impulsar a economía da zona intramurallas e o turismo. Estamos a falar dos 9 millóns de euros que investiremos na peonización integral cofinanciados por Europa, os 10 millóns de euros que solicitamos para rehabilitar o Cuartel como Museo; os 436.000 euros para recuperar a cloaca romana ou os 2’2 millóns que estamos a investir no Camiño Primitivo”. Tamén bota en falta avances no Plan Paradai e na Rolda Leste.

CEMITERIO MUNICIPAL SAN FROILÁN

Programación Cultural - Outono 2022



**A nosa memoria,
a memoria da cidade.
O que foi e o que é...**

Memoria viva

08/10/22 • 17:30

Os Pelúdez visitan o Cemiterio

18/10 • 03/11/22

VIII Concurso de fotografía

23/10/22 • 19:30

Don Juan • Escola Palimoco

30/10/ • 01/11/22

**Concertos espallados no recinto
Asociación Músico Crisanto**

06/11/22 • 19:00

Don Juanín • Escola Palimoco

20/11/22 • 19:30

Visita teatralizada • Achádego Teatro

30/11/22 • 19:30

**Concerto da lembranza
Queima de mensaxes "Verbas de luz"**

18/12/22 • 19:30

Visita teatralizada • Achádego Teatro



**ESCOLA
PALIMOCO
TEATRO
DANZA**



Meillor Maquinaria Arquitectónica | Melloras Actividades de Portas Abertas
de Galicia do Espazo, 2012 | en Galicia do Espazo, 2012

Máis información en cemiterio.concellodelugo.gal

A MAXIA DAS PARROQUIAS

San Vicente do Burgo

Agocha dous templos, o Santuario prerromano de San Bartolomé e a igrexa parroquial de estilo barroco

O municipio de Lugo garda entre as súas parroquias pequenos recunchos cheos de patrimonio cultural e natural que en moitas ocasións pasan desapercibidos. Ubicada en pleno Camiño Primitivo San Vicente do Burgo está situada a de dez quilómetros do centro da cidade e garda dous pequenos segredos que merece a pena visitar.

As terras desta parroquia e as súas fronteiras xa se mencionan en documentación do século XII ó igual que o nome do Burgo que remite a un horizonte medieval. Actualmente consta de seis núcleos de poboación sendo O Burgo o lugar onde conviven máis da metade dos veciños. Carrixeiros, Garaloces, Poutomillos, Penas e Canedo de Abaixo son o resto de núcleos que conforman esta parroquia situada o sudoeste da cidade de Lugo.

A igrexa parroquial de San Vicente do Burgo, que posúe un estilo barroco, data do século XVIII e destaca polo seu tamaño e deseño. Consta dunha única nave de bóveda de canón con bóvedas secundarias de media lúa nos laterais e unha portada principal adintelada con un frontón semicircular. Na fachada principal

podemos atopar en pedra a figura de San Vidente, un reloxo que mantén aínda un mecanismo manual e, no alto, unha torre cadrada que garda as campás.

A igrexa conta ademais cunha capela maior con bóveda de media laranxa sobre pendente que remata en lanterna. No seu interior varios retablos, o de maior tamaño datado de finais do século XVIII, figuras de anxos sostendo os candelabros que datan do século XVIII e diferentes pinturas sin datar que foron retocadas en 1855. No ano 2020 o Concello de Lugo organizou os Premios Connexio para proxectos de creación artística en seis igrexas do camiño primitivo dentro do municipio. Na igrexa de San Vicente do Burgo foi o artista Juan López quen propuxo dúas instalacións sonoras, unha no interior da igrexa e outra no exterior.

Pero, sen dúbida, o elemento mais sorprendente que esconde esta parroquia é o Santuario prerromano de San Bartolomé do Burgo agochado entre carballos e situado moi preto da igrexa. O recinto que corresponde á



capela maior está integrado nun pequeno outeiro rochoso que no interior serve como base para o altar e que conta cunha cova subterránea pola que pasa unha corrente de auga.

O templo orixinario, previo a época cristiá, esta considerado como un lugar de culto para a antiga deusa Nabia moi vinculada ós cultos acuáticos. A actual construción de planta rectangular e granito esta realizada respectando o templo primitivo e a roca sobre a que se apoia. Este santuario acolle na súa capela maior un retablo barroco de San Bartolomé do século XVII e consta dun pórtico aberto sobre oito piares octogonais. No exterior unha pequena cazoleta tallada en pedra recolle a auga da choiva para lavar o corpo dos antigos devotos.



BEMER

Recorta este anuncio, pide tu cita y disfruta de **¡10 sesiones GRATIS!**

Últimamente podemos ver a diario en la prensa el titular: **"HAY UN ESTUDIO QUE DICE..."**

En BEMER tenemos más de 50 estudios científicos que hablan de la terapia físico vascular y sus beneficios en la salud del cuerpo humano.

PRUÉBALA EN

Verxel
HERBOLARIO

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo. Tel.: 982 251 827
josemanuel@verxel.es www.verxel.es



Preto de 33.000 familias do rural da provincia accederán á fibra óptica

Preto de 33.000 familias que residen en zonas illadas e dispersas da provincia de Lugo terán, por fin, acceso a Internet de alta velocidade. Trátase de veciños que agora contan cun sinal de baixo rendemento ou que, directamente, carecen de conexión. Así o comunicou o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a semana pasada, ao facer público o resultado provisional da segunda convocatoria do Programa ÚNICO-Banda Ancha, financiado polo fondo Next Generation EU e dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O operador Adamo, principal adxudicatario a escala nacional das subvencións comunitarias para estender fibra en áreas rurais (312.000 vivendas en 17 provincias), será a empresa que levará a cabo o cableado na provincia. Para iso, recibirá 12,3 millóns de euros, cantidade que completará con outros 5,2 millóns de capital privado ata alcanzar os 17,5 de orzamento total. O prazo para a instalación comezará unha vez que a resolución sexa firme e finalizará o 31 de decembro de 2024. Os traballos de Adamo marcarán un antes e un despois na vida desas

33.000 familias lucenses, debido a que pasarán a realizar con garantías, cunha conexión a Internet de calidade, actividades que hoxe resultan en grao sumo habitual: teletraballo, educación en liña, compras por Internet, citas médicas telemáticas ou gozar de videoxogos, series e películas en remoto, entre outras. Iso sitúa á fibra óptica como un elemento fundamental para fixar habitantes no territorio, como unha ferramenta imprescindible na loita contra o fenómeno do despoboamento, un mal que afecta a numerosos pobos lucenses.

Aumentan os puntos de luz na zona de Chousas Vellas, en Bóveda

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, e o tenente de Alcalde e concelleiro de Medio Rural, Miguel Fernández, visitaron a parroquia de Santa María de Bóveda para ver o resultado das obras realizadas para mellorar a iluminación da zona de As Chousas Vellas, coas que se da resposta a unha petición da veciñanza.

Con esta actuación, executadas polo Servizo Eléctrico Rural do Concello, duplicáronse os puntos de luz, aumentando seis novos e pasando de cinco a once, o que incrementa a luminosidade da zona e garante unha maior visibilidade, así como una maior seguridade dos residentes.

Ademais do incremento de luminarias, actuouse na mellora da eficiencia enerxética e aforro de custes eco-



nómicos para o Concello instalando luces LED en todos os puntos.

A rexedora explicou que a aposta do equipo de Goberno pola sostibilidade e a confortabilidade dos espazos públicos tanto na zona urbana como rural queda unha vez máis de mani-

festos con obras de esta envergadura. A execución súmase ás que vén realizando a brigada municipal dos servizos eléctricos do rural ao longo de todo ano, encargándose do mantemento da totalidade do alumeadado público das parroquias.

O PP pide o arranxo dunha ponte caída na parroquia de Rubiás

Os concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular logo dunha visita a Rubiás fanse eco dunha reclamación dos veciños da parroquia que alertaron da caída dunha ponte "feito que coñecen no goberno local pero que semella non importar-lles para nada, xa que nada fixeron por solucionar o problema".

Os populares esixen o arranxo inmediato desta ponte xa que se trata dun camiño que era moi empregado polos veciños para chegar a zonas da parroquia e mesmo achegarse a partes da parroquia de Pedreda e agora teñen que empregar outras rutas que supoñen máis tempo e distancia.

Candia propón o transporte en taxi para as parroquias

A candidata á alcaldía de Lugo, Elena Candia, avanzou que cando chegue á alcaldía implantará un sistema de transporte a demanda en taxi que suporá "unha forma novidosa de moverse para veciñanza que vive nas 54 parroquias".

Candia di que "se queremos un rural cheo de oportunidades e de futuro hai que garantir unha igualdade de oportunidades para que os que residen nas parroquias de Lugo poidan achegarse ata a cidade para facer trámites administrativos ou por motivos sanitarios".

Neste momento os autobuses urbanos de Lugo non chegan á

maioría dos núcleos da zona rural reflexionando que "estamos falando do concello galego que máis parroquias ten".

Para Elena Candia o modelo de transporte a demanda en taxi adaptase á realidade do Concello recalando que "en vez de enviar autobuses con horarios fixos, que moitas veces van baleiros, tería moito máis sentido organizar viaxes dependendo das necesidades dos veciños".

A popular insiste en defender este modelo de transporte a demanda no rural "como a alternativa máis ecolóxica e barata".

Unhas 5.000 persoas reuníronse no Pazo de Feiras polo Día do Veciño 2022



O presidente da Deputación, José Tomé Roca, participou no Día do Veciño 2022, organizado pola Federación de Asociacións de Veciños de Lugo no Pazo de Feiras e Congressos da cidade lucense. Esta cita, que chega á 20ª edición e reuniu arredor de 5.000 persoas, conta cunha achega da Deputación de 18.000€, destinados, entre outros fins, a distribuír entre os asistentes produtos de proximidade para favorecer a súa promoción e consumo.

José Tomé puxo en valor o traballo de "cada unha das persoas que forman parte das asociacións que integran a Federación veciñal", o seu "esfuerzo constante para manter vivo o espírito de veciñanza" durante os dous anos de pandemia e a "súa capacidade para organizar de novo este encontro co seu esplendor orixinal". "O lema deste ano Nunca deixes de loitar define moi ben o espírito do movemento veciñal de Lugo. Un movemento responsable, reivindicativo e cheo de propostas, que leva anos traballando para axudar o desenvolvemento da nosa provincia",

asegurou.

Na Deputación, subliñou, "compartimos o compromiso de esforzo constante para mellorar a calidade de vida dos nosos veciños, especialmente dos do noso rural", motivo polo que a súa prioridade é "mellorar e acercar os servizos públicos á xente", "colaborando cos concellos e co tecido social e económico con investimentos e con medidas moi concretas, pero tamén reivindicando o que esta provincia necesita e merece".

O rural, recalou neste sentido, "precisa do respaldo de todas as administracións. Necesita máis médicos, máis pediatras, máis profesores, máis escolas, máis centros de maiores, necesita máis conexión a internet, oficinas bancarias ou un plan eficaz contra a lacra dos incendios forestais. Necesita compromisos reais, con presenza real no territorio os 365 días do ano. Asumindo cada un as súas responsabilidades". Por parte da Deputación "non vai quedar, seguiremos traballando cos veciños para conseguir que o noso rural avance e teña futuro", afirmou.

Regalos originales, regalos especiales, regalos para todos...
visítanos y los encontrarás.

Síguenos en

Praza do Fleil, 15 • 27002 LUGO • T.F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Librería **Troll**

Continúa o proceso de peonalización

Presentan o proxecto de remodelación integral do barrio do Carme e comezan as obras na rúa Gallego Tato

O Concello presentou á veciñanza do barrio do Carme o proxecto co que quere dignificar esta entrada, que é Camiño Primitivo, á Muralla, ambos os dous Patrimonios da Humanidade e que incluírá a peonalización e humanización desta zona.

A intervención, que se enmarca na estratexia da rexedora para recuperar o histórico e emblemático barrio do Carme (con proxectos como a recuperación do Camiño Primitivo e a Vía XIX, a musealización da Cloaca, a creación do primeiro coliving artístico municipal de toda España ou o parque en homenaxe ás vítimas da Covid, entre outras actuacións), suporá un antes e un despois para a rúa e a súa contorna de especial protección.

A peonalización, totalmente respectuosa coa contorna, contempla unha plataforma unitaria que integrará a rúa do Carme co xardín, a Capela e o Museo, para gañar espazos e darlles máis luminosidade, atendendo a criterios de embelecemento e de seguridade vinculada coa perspectiva de xénero.

O ámbito de actuación, que abarca case tres quilómetros de superficie, comprenderá tamén as travesías Noriega Varela e do Carme e a senda peonil que une Noriega Varela coa praza, por detrás da Capela.

Oos actuais firmes substituiranse por un pavimento de formigón desactivado cor gris granito, que tamén se utilizará na senda peonil, aínda que noutras tonalidades máis similares ao aspecto térreo actual, empregando a cor como factor diferenciador entre o espazo viario mixto (de prioridade peonil) e o estrictamente peonil.

Para a zona da plataforma que une



o xardín coa Capela e o Museo se instalará o mesmo acabado de pavimento, baldosa de granito, pero de gran formato. Elimínanse as barreiras arquitectónicas quedando toda a praza ao mesmo nivel.

Na praza do Carme óptase por reordenar os xardíns, ampliándoos con céspede e flores actuais, eliminando ademais algunhas das especies enfermas. Mantense o exemplar de maior porte, prevendo o seu acondicionamento.

Ademais, mellorarase a iluminación de todas as zonas onde se actuará e instalarase mobiliario urbano e arboredo por toda a rúa para unha maior confortabilidade dos espazos.

A rexedora lembrou que este acceso sofre un importante grao de deterioro – con pavimentos sen continuidade estética e funcional – froito de diferentes intervencións ao longo dos anos, que dificultan o tránsito de bicicletas, peóns, cadeiras de rodas ou carriños de bebés. Por outra banda, os servizos de todo o ámbito son deficientes, debido á súa antigüidade.



O Concello anunciou que trala aprobación definitiva do PXOM, o Goberno local iniciará o cambio de planeamento urbanístico desta zona, “coa sensibilidade á que obriga a gran riqueza cultural, histórica e artística que alberga”.

O orzamento base de licitación está previsto en 606.109 euros e se cofinanciará nun 80% con fondos Feder da estratexia DUSI Muramiñae.

A execución estímase en 6 meses, e “estaremos en condición de poder iniciar a licitación en canto teñamos o visto e prace da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Xunta, que está en posesión do proxecto desde o 9 de xuño, é dicir, desde hai case 5 meses, para a súa avaliación”, incidiu a rexedora, que solicitoulle maior axilidade, “porque nos dixeron que iría á comisión de setembro, e non foi así. Non debemos esquecer que son fondos europeos, que se poden perder e que a memoria técnica xa tiña en conta as indicacións que nos avanzou á Xunta nun informe previo onde nos deu autorización das obras inicialmente previstas”.

RÚA GALLEGO TATO. O tenente Alcalde, Rubén Arroxó, xunto co edil de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, e Maite Ferreiro, concelleira de Cultura, visitaron a rúa Gallego Tato, no barrio da Piringalla, onde veñen de comezar os traballos de peonalización que permitirán continuar a avanzar na renovación das contornas escolares. O tenente

máis saudable e con zonas de sombra no verán.

O proxecto de obra define a nova zona como oasis no tecido urbano, dado que propón a implantación de material vexetal como elemento acondicionador da nova zona, co obxectivo de mellorar a calidade ambiental na contorna do colexio.

Arroxó destacou que “este é o centro de ensino que conta con máis estudantes na cidade, e está situado nunha zona na que conflúen centros de ensino, instalacións deportivas e un centro social, polo que se fai necesario contar cun espazo humanizado para o desfrute da veciñanza”.

“Este proxecto será o espello no que continuar avanzando na humanización dos centros de ensino, tal e como nos veñen solicitando tanto as directivas como as asociacións de nais e pais dos distintos centros”, explicou o tenente Alcalde, que engadiu “seguiremos traballando para continuar a humanizar e embelecer a cidade creando espazos útiles para a as persoas”.

Licitación do 80% do proxecto Corazón Verde

Comezou o proceso de licitación do 80% das obras incluídas na planificación Zero: Corazón verde, proxecto co que se vai a acometer a peonalización integral do recinto do casco histórico co fin de mellor a calidade de vida e dinamizar a zona social e economicamente.

Nestes pregos, inclúense as actuacións na Praza do Ferrol, nas rúas Praza do Ferrol e San Fernando, así como as que se executarán entre a porta da muralla ‘Bispo Odoario’ e Praza do Ferrol e nas rúas Montevideo, Bolaño Rivadeneira, Ramón

y Cajal, Quiroga Ballesteros (tramo comprendido entre Bolaño Rivadeneira e San Froilán) e Amor Meilán (tramo comprendido entre Quiroga Ballesteros e San Fernando). A peonalización da Praza de Ferrol sairá a licitación por 2,5 millóns de euros e terá un prazo máximo de execución de 8 meses, e o resto valóranse en 3,9 millóns de euros, cun prazo de 10 meses.

A alcaldesa avanzou que quedaría pendente por licitar as obras na Praza de Santo Domingo e Rúa Teatro, que se levará nunha vindeira Xunta de Goberno Local.

RAXERIA LAXA

TEMPORADA DE CAZA

C/ EDUARDO PONDAL 20, BAJO. LUGO - TEL.: 982 216 536
www.raxeriaalaxa.com

Rematan en Montirón os traballos de renovación do parque infantil

Xa está a disposición da cidadanía o novo Parque de Montirón, recentemente reformado, logo dun investimento de 46.400 euros.

Os traballos realizados incluíron a reparación e adaptación dos xogos existentes, mediante o seu lixado, pintado, barnizado e a reposición de pezas deterioradas; a renovación completa do solo da área de xogos (252m²) na que se instalará pavimento de caucho en diversas cores, así como a substitución do valado de madeira existente, o que mellorará substancialmente, en conxunto, a súa confortabilidade.

Instaláronse, ademais, dous novos elementos: un multixogo con torre



e tellado – no que as crianzas gozarán de tobogán, rede de escalada, paneis lúdicos e mostradores, balcón e escaleira – e un columpio accesible, unha mellora considerable tendo en conta que mudou

completamente a súa configuración, máis atractiva e integradora en tanto disporá de elementos novidosos e accesibles tamén para crianzas con diversidade funcional, tratando de pular pola inclusión.

A CHMS retira máis de 8.000 kg de azolla no río Miño

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) finalizou as actuacións de retirada do fento azolla filiculoides en máis de 2 quilómetros de tramo urbano do río Miño, ao seu paso pola cidade de Lugo.

Hai que lembrar que a azolla é un fento acuático flotante que pode alcanzar os 10 cm, que dispersa as súas esporas de xullo a setembro e habita en augas limpas de curso lento, o que unido ao baixo nivel da auga e a temperatura propia da época estival fai que aflore a súa expansión.

“A presenza das plantas acuáticas é fundamental para garantir o bo estado ecolóxico das masas de auga, pero a presenza de especies invasoras como a azolla, poden afectar negativamente os ecosistemas, por iso



programáronse e executaron estes traballos, nos meses de setembro e outubro, nos que a CHMS investiu máis de 14.000 euros”, explicou o presidente.

Os traballos de retirada desta especie invasora, realizáronse con me-

dios manuais, desde a beira e desde pequenas embarcacións, para, unha vez sacada á superficie, ser amoreada en sacos pechados e depositada nun lugar afastado das crecidas para, a diario, ser trasladada a un xestor autorizado.

Novos avances na renovación da rede de alumeadado público



O concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, anunciou que o Goberno de Lugo está a executar unha nova actuación de actualización na rede de alumeadado público municipal. En total, 153 luminarias de 12 rúas da cidade, “o que permitirá avanzar na redución do gasto público ao tempo que a veciñanza de Lugo pode desfrutar dun alumeadado eficiente”.

O Goberno de Lugo está a renovar as luminarias da rúa Montevideo, Betanzos, Ramón Cabanillas, Castro Gil, Ourense, Pontevedra, Tui, Carril da Estrela, Rúa Vella da Ponte e Acea de Olga, no treito entre o Agro da Torna e o Canil. En total, trátase de 153 luminarias, que na actualidade empregan elementos contaminantes como Vapor de Sodio, e que pasarán a ser luminarias LED.

O consumo enerxético anual do Concello de Lugo verase reducido en 59.230,4 kWh, permitindo que Lugo avance na implantación dun alumeadado eficiente en toda a cidade. Penas lembrou que a concellería de Infraestruturas investiu, nos últimos anos, máis de 3 millóns de euros na renovación do alumeadado público, instalando luminarias de

baixo consumo e aplicando a perspectiva de xénero.

MILAGROSA. O concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, anunciou que o Goberno de Lugo está a realizar unha serie de actuacións no barrio da Milagrosa para mellorar a imaxe da rede de alumeadado.

Alexandre Penas, concelleiro de Infraestruturas, explicou que “estamos a traballar no repintado das farolas, unha actuación que permitirá garantir a boa imaxe destes elementos no casco histórico, onde ademais cumpren un importante papel na decoración da vía pública”. Penas anunciou que “os traballos están a executarse simultaneamente co pintado da sinalización horizontal na zona”.

Alexandre Penas lembrou que “desde a nosa chegada ao goberno fixemos un importante investimento na mellora do alumeadado público”, e engadiu “nos últimos tres anos investíronse máis de 3 millóns de euros na renovación da rede de alumeadado, implantando luminarias LED de baixo consumo, e aplicando a perspectiva de xénero para evitar contar con zonas escuras”.



Motolugo

CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

HONDA CMX500
REBEL SPECIAL EDITION



Camiño Real, 125. 27004 Lugo
Telf: 982 21 57 31
Móvil: 698 17 91 81

escolActiva

Centro de Ensino

- Apoio en Educación Infantil y Primaria.
- Refuerzo en todas las materias de ESO y BAC.
- Preparación de pruebas de acceso y competencias clave.
- Idiomas:
 - Italiano
 - Inglés
 - Gallego (CELGA/ EOI)
 - Español para extranjeros.

NOVEDAD

- **MATE, FÍSICA Y QUÍMICA EN GRUPOS DE 4**

¡¡¡INFORMATE!

Rúa Camiño Real 48, bajo 27004 Lugo.
676 115 427 / 982 807 670 / www.escolactiva.com
[Instagram.com/escolactiva](https://www.instagram.com/escolactiva) [facebook. @escolactiva](https://www.facebook.com/escolactiva)

Rueda comprométese co Museo da Romanización

O presidente Alfonso Rueda comprometeuse coa alcaldesa, Lara Méndez, a financiar o Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando. Un dos obxectivos que a rexedora leva tratando de acadar dende o inicio do seu mandato.

Unha cooperación que se materializará, inicialmente, na financiación do Plan Director e do proxecto de musealización previsto para as instalacións no caso de acadar a subvención solicitada polo Concello con cargo aos fondos do Plan de Recuperación pero que podería ampliarse, como así o matizou posteriormente o propio Alfonso Rueda, á rehabilitación do edificio segundo a achega económica que se reciba por parte do Estado.

O acordo produciuse no transcurso da reunión mantida esta mañá pola rexedora lucense e o presidente autonómico, un encontro que, segundo Méndez “tivo lugar nun clima de cordialidade e que, a pesar da súa intensidade – polo número de temas abordados – resultou ser moi pragmático, fluído e áxil”.

Entre outros dos asuntos tratados, Lara Méndez instou a Rueda a executar novas solucións de estacionamento para o barrio da Residencia. Un punto no que tamén se alcanzou o acordo de traballar conxuntamente “xa que a necesidade deste tipo de dotacións se incrementará considerablemente a partir do vindeiro ano coa entrada en funcionamento do Centro Integral de Saúde, pero tamén debido a afluencia de persoas que propiciará a apertura das oficinas de Emprego nesta localización”, sinalou a alcaldesa.

A rexedora, que acudiu á xuntanza acompañada polo tenente de al-

caldesa e voceiro municipal Miguel Fernández, amosou tamén toda a vontade do Executivo local para interceder ante o Goberno central e propiciar o cambio de usos dos terreos nos que se asenta o CIS co fin de favorecer a implantación, nesta mesma contorna, dun centro de Emprendemento Aeronáutico e “co obxectivo de seguir dinamizando este barrio da capital e de que a Xunta poida materializar os seus compromisos coa cidade”.

Ademais, durante a conversa Méndez e Rueda concretaron cofinanciar, nunha proporción 70/30%, a implantación de redes saneamento no rural de Lugo, a través do canon da auga que, en primeiro lugar, se centrará, na creación da acometida en Calde e Esperante para atallar os vertidos ao río que se están a producir.

A continuidade da rexeneración da Tinería, a través, nomeadamente, da recuperación do Pazo de Dona Urraca e da Torre de San Miguel, a execución da Intermodal, o avance para crear un novo centro de saúde no barrio do Sagrado Corazón ou dun novo pavillón municipal e mesmo a finalización da Rolda Leste e do Plan Paradai foron outros dos temas que se trataron na xornada á que ambos dirixentes non dubidaron en cualificar de moi produtiva. Antes de rematar, a alcaldesa lembroulle ao presidente da Xunta a última promesa de Núñez Feijóo en Lugo antes de marchar para Madrid para mellorar a conectividade da cidade dende as costas do Parque de Rosalía até o Miño a través da Volta da Viña, mediante a súa unión con pasarelas e ascensores, un proxecto que Rueda xa lle confirmou que non se executará o ano que vén.

Arroxo e Louzao falan dos cambios para a zona de Fonte dos Ranchos

O tenente Alcalde e responsable da área de Mobilidade e Infraestruturas, Rubén Arroxo mantivo unha xuntanza coa portavoz de Cidadáns, Olga Louzao, para tratar a proposta presentada no último pleno municipal relativa á remodelación da Fonte dos Ranchos. Arroxo afirmou á saída da xuntanza que “desde o Goberno de Lugo estudaremos incluír esta solución nos orzamentos do ano 2023”. O tenente Alcalde destacou que “esta zona comunica unha das principais entradas a Lugo a través da N-VI, acollendo unha gran cantidade de tráfico cada día”. Arroxo anunciou que “estudaremos unha solución que permita mellorar a seguridade viaria nesta zona, avanzando na recuperación de espazos para as persoas, cun tráfico



calmado, na liña do traballo que levamos realizando desde a área de Mobilidade durante todo o mandato. Arroxo afirmou que a área de Mobilidade estudará a proposta presentada polo grupo municipal de Cidadáns, “unha

proposta interesante para continuar a mellorar a cidade”, e engadiu “desde o Goberno estudamos todas as propostas achegadas pola oposición e pola veciñanza traballando sempre para mellorar os espazos públicos”.

Candia réúnese coas asociacións da praza das Illas e de Fontiñas Norte

A candidata á alcaldía do PP de Lugo mantivo nas últimas horas senllas reunións con representantes das asociacións da praza das Illas e de Fontiñas Norte para explicarlles as novidades con respecto aos últimos compromisos adquiridos pola Xunta con respecto a Rolda Leste.

A popular compartiu coa veciñanza destes barrios a necesidade de axilizar a construción da Rolda Leste xa que “se trata dunha dotación que restará tráfico das rúas da cidade, mellorará a mobilidade en xeral e especialmente a accesibilidade ao Hospital Lucus Augusti”.

Elena Candia manifestou que “son unha boa nova os compromisos plurianuais que recollerán os Orzamentos da Xunta de 2023”, tal e como



avanzou onte o director da Axencia Galega de Infraestruturas, Francisco Menéndez, no marco da Comisión 2ª do Parlamento, xa que confirman “o impulso que a Xunta lle vai dar a esta infraestrutura”.

A popular destacou o anuncio que

fixo o director da Axencia Galega de Infraestruturas confirmando que “antes de rematar este ano se vai someter a información pública o proxecto” o que supón “un paso en firme para mellorar e avanzar na execución desta obra clave”.

Reforzo no servizo de limpeza

A alcaldesa lucense, Lara Méndez, coñeceu, acompañada do concelleiro de Medio Ambiente, Miguel Fernández, os tres novos vehículos que se acaban de incorporar a Loce Lugo, o servizo de limpeza da cidade e mantemento de espazos públicos.

“Estamos a renovar e ampliar a flota para mellorar e optimizar o coidado do noso municipio segundo os requisitos que lle esiximos á Ecolugo, a nova empresa concesionaria da limpeza e recollida de lixo”, sostivo, e destacou que a adquisición destes vehículos foi en concesionarias da cidade, “porque é importante tamén para impulsar a economía local”.

Incorpóranse unha furgoneta eléctrica no marco da aposta do Concello



por rebaxar as emisións contaminantes, así como dous tractores multiusos que, entre outras funcións, servirán para seguir reforzando os desbroces na cidade.

A rexedora incidiu en que “o aumento deste tipo de recursos implicará

acadar maiores cotas de limpeza e incrementar os niveis de satisfacción da poboación lucense, así como facilitar novas ferramentas ao persoal de Ecolugo no desempeño das súas funcións, que redundará en mellores resultados”.

EN BOAS MANS
CENTRO DE FISIOTERAPIA

<p>SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO</p> <p>FISIOTERAPIA</p> <p>Deportiva Neurolóxica Traumatolóxica Drenaxe Linfático E.P.I. / EPTE</p>	<p>TRATAMIENTOS</p> <p>Accidentes de tráfico Lesiones Deportivas Neurológico Traumatolóxico Ondas de Choque Radiofrecuencia Game Ready Sistema SIS</p>
--	---

Miguel de Cervantes, 38 bajo - 27003 Lugo. 962 809 038 / 678 855 342

www.boasmans.com
info@boasmans.com

Presentan un novo autobús para a rede de transporte público

O tenente Alcalde e responsable da área de Mobilidade e Infraestruturas, Rubén Arroxo, presentou un novo bus que se unirá á flota da rede de transporte público municipal, avanzando na renovación da mesma. "Continuamos a traballar na renovación da flota de buses urbanos, avanzando na inclusión de buses con baixas emisións e clasificación como vehículos ecolóxicos", indicou Rubén Arroxo, que engadiu, "queremos que a xente aposte polo bus urbano para reducir tráfico na cidade e avanzar nunha cidade sostible cunha mobilidade alternativa e ecolóxica".

O novo bus presentado, modelo ISUZU Citybus utiliza un derivado do petróleo como combustible, o que permite reducir nun 8% as emisións de CO2 e nun 30% as emisións de óxidos de nitróxeno.



Rubén Arroxo declarou que a área de Mobilidade está traballando en "transformar a mobilidade de Lugo para que sexa moito máis sostíbel, onde o transporte público sexa fundamental".

En canto á accesibilidade, os dous novos vehículos incorporan un renovado sistema Kneeling, que permite baixar a altura do autobús

para facilitar a subida das usuarias. Ademais, conta con rampla para persoas con mobilidade reducida e unha praza para cadeira de rodas, e portos USB para a carga de dispositivos electrónicos.

O bus, que fará a liña 5.2, conta con 74 prazas, divididas en 20 asentos, 53 persoas de pé e unha para persoas con mobilidade reducida.

Novo proxecto para a supresión de pasos a nivel no concello

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, informou de novos avances por parte de Adif para a mellora do ferrocarril na provincia, neste caso para aumentar a seguridade co proxecto de supresión de pasos a nivel no concello de Lugo.

O Goberno acaba de contratar por un total de 2.283.273 euros o proxecto para a eliminación de pasos a nivel existentes na liña ferroviaria León- A Coruña, que transcorre polo municipio lucense. Concretamente, as obras realizaranse nos puntos quilométricos 428/980, 429/811, 430/129 e 430/407.

As actuacións previstas por Adif para a supresión e mellora da protección de pasos a nivel na provincia teñen como finalidade incrementar as condicións de seguridade das infraestruturas de transporte, tanto para o tráfico viario como para o ferroviario. Nesta liña, Isabel Rodríguez subliñou que a eliminación progresiva da pasos a nivel na provincia de Lugo é unha prioridade para o Goberno co obxectivo de reducir o risco de accidentes.

A subdelegada explicou que a supresión de pasos a nivel realízase atendendo á intensidade de tráfico de

vehículos e trens que se rexistran en cada zona, de acordo coa lexislación establecida nesta materia.

Rodríguez sinalou que estes novos investimentos súmanse aos 546 millóns que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a través de Adif, achega para a modernización do trazado da liña ferroviaria Lugo-Monforte-Ourense. Neste senso, lembrou o compromiso coas conexións por ferrocarril da provincia ao destinar o 76% dos Presupostos Xerais do Estado para o 2023, un total de 137,5 millóns de euros, para melloras no ferrocarril.

Adif avanza na electrificación de Monforte a Lugo

Adif avanza nos traballos de electrificación no trazado de liña de ferrocarril convencional entre Monforte de Lemos e Lugo Mercancías, de 75 quilómetros de lonxitude.

En concreto, realizará distintas actuacións na vía (renovación de vía) e na infraestrutura (drenaxe, pasos superiores, túneles e trincheiras) deste tramo de liña que permitirán despois tender a electrificación.

Estes traballos, que se farán entre o sábado 12 e o luns 14 de novembro, non son compatibles coa prestación do servizo ferroviario, polo que Renfe estableceu planes alternativos de transporte por estrada.



O BNG realiza unha viaxe ata Parga para lembrar que 'Lugo Quere Tren'



O tenente Alcalde, Rubén Arroxo, xunto con outros cargos orgánicos e institucionais do BNG na comarca de Lugo protagonizaron unha viaxe en tren de Lugo a Parga para "reclamar un servizo axil de ferrocarril que sirva para unir Lugo co resto de capitales galegas e estatais". Tamén se celebrou unha manifestación o 28 de outubro na que "se demanda unha vez máis un ferrocarril digno para Lugo baixo as siglas LQT (Lugo Quere Tren)". A manifestación partiu da praza Maior e rematou diante da Subdelegación do Goberno.

Arroxo lembrou que o BNG entregou no ministerio de transportes en Madrid "máis de 4.000 sinaturas das veciñas e veciños de Lugo que reclaman ao goberno do estado un compromiso real con Lugo". "Hai mobilizarse para que Lugo dispoña duns servizos ferroviarios dignos que respondan ás necesidades das veciñas e veciños despois de anos de abandono por parte dos distintos gobernos do estado" sinalou Rubén Arroxo.

"Os orzamentos presentados non melloran a situación de Lugo, deixando de lado máis a necesaria mellora das infraestruturas ferroviarias que

precisa Galiza e sobre todo a posibilidade de ter un tren de cercanías propio que nos permita desprazarnos entre vilas e cidades próximas", afirmou Arroxo, que engadiu "Lugo sigue á cola nos investimentos, especialmente no ferrocarril, onde continuaremos con infraestruturas do século XIX".

O responsable do BNG, Felipe Rivas, afirmou que "a chegada do AVE a Galicia, con case 30 anos de atraso sobre a data anunciada nun primeiro momento polo goberno do estado, só supuxo que agora sexa máis rápido ir en tren de Lugo a Madrid que de Lugo a Compostela". O BNG recolleu sinaturas nos últimos meses baixo o lema Lugo Quere Tren, buscando "poñer a Lugo no mapa dos servizos ferroviarios, rematando con anos de recortes e eliminacións de conexións que son necesarias para as veciñas e veciños de Lugo".

Tamén participaron na viaxe, entre outras persoas, Maite Ferreiro, concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua no concello de Lugo, Olalla Rodil, vicevoceira do Grupo Parlamentar do BNG e outros cargos institucionais e orgánicos do BNG.

Librería Galicia
Loterías y Apuestas del Estado
LOTERÍA DE NAVIDAD EN LIBRERÍA GALICIA
¡Compra tu ilusión y regálasela a tus seres queridos!
C/ Orense, nº 82, Bajo. 27004 Lugo - Tel.: 604 001 116
libreria Galicia@librosmil.es

O novo Centro Social de Lamas de Prado abrirá proximamente



En apenas unhas semanas, a cidadanía lucense poderá dispoñer dun novo centro social en Lamas de Prado. As instalacións prestarán servizo a unhas 20.000 persoas dos barrios do Carme, A Cheda, Abuín-Abella e Castiñeiro, así como de diversas parroquias do rural.

O inmoble está practicamente rematado e só lle restan pequenos aspectos burocráticos como a contratación do mantemento do ascensor e da subministración eléctrica, así como a instalación do mobiliario, actual e multifuncional, acorde aos diferentes usos que se contemplan tanto no interior como no exterior do

centro e ao que foron destinados 47.000 euros.

A alcaldesa explicou que a dotación disporá de dúas plantas e un soto, que funcionará de xeito independente. De maneira que a planta baixa, que terá unha distribución flexible, albergará actividades recreativas e formativas, coas que facilitar a convivencia de todo tipo de persoas usuarias, mentres que a planta superior se destinará a tarefas de traballo social.

En canto aos recursos humanos, contará cun equipo interdisciplinar constituído por traballadore/as sociais, educadore/as, animadore/as, auxiliares e conserxería.

Urxen máis prazas de aparcadoiro para mobilidade reducida

O Grupo Municipal do Partido Popular pediu “a elaboración dun planeamento de accesibilidade da cidade, tomando en consideración as prazas de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida, incrementando o número das mesmas e facilitando información en tempo real da súa localización e dispoñibilidade a través dunha APP”.

Explica Macamen López que “esta iniciativa ten moita importancia, xa que cómpre facilitar a localización das mesmas e a súa correcta identificación non so para os lucenses que precisen facer uso delas, senón para fomentar a acollida de visitantes e turistas facilitando mapas que indiquen as zonas de aparcadoiro, facendo especial fincapé na localización das prazas para persoas de mobilidade reducida, polo que se podería considerar a posibilidade de incluír esta información en plataformas de mapas online e navegadores”.

Incluso, indica a concelleira popular, “debería considerarse facer un estudo da accesibilidade destas prazas de aparcadoiro, garantindo en todo momento o uso por parte das persoas usuarias das mesmas e buscando aquelas localizacións máis



axeitadas para estas persoas”. A mobilidade sostible implica a mellora de calidade de vida urbana, algo que se pode lograr “a través do aumento planificado dos servizos básicos para a poboación, mellorando as condicións de habitabilidade, acadando, en definitiva, a redución dos efectos adversos do crecemento urbano e logrando a sustentabilidade social, é dicir, garantindo a equidade, a autonomía, a comunicación social e a igualdade entre todas as persoas”.

APARCADOIRO DO HULA. Desde a Federación de Asociacións Veciñais Lucus Augusti da provincia de Lugo demandan “o urxente arranxo do pavimento do Leirapárking, xa que

coas primeiras choivas do outono, o coñecido Leirapárking ou aparcadoiro gratuito do Concello de Lugo, que está situado enfronte á entrada principal do Hospital Universitario Lucus Augusti, atópase nun estado lamentable”. Din que “está todo cheo de fochancas, o cal dificulta tanto o aparcamento como o tránsito, provocando danos nos vehículos”.

Ante esta situación a Federación de Asociacións Veciñais de Lugo Lucus Augusti, solicitan “que se realicen urxentemente as obras de mellora do devandito aparcadoiro, cubríndoo cunha capa de saburra e as convenientes obras de mantemento, drenando o terreo para evitar esta problemática”.

Finaliza a avaliación do Impulso Verde para a certificación de Proxecto FSC

O edificio Impulso Verde, promovido polo executivo municipal na Garaballa, no marco do proxecto LIFE Lugo+Biodinámico, vén de completar con éxito o proceso de avaliación para a obtención da certificación de Proxecto FSC®, que converte ao inmoble nun referente internacional no ámbito da construción sostible. Trátase do primeiro edificio en España e un dos poucos no mundo que logra a prestixiosa certificación.

O edificio Impulso Verde someteuse a unha rigorosa avaliación segundo os requisitos recollidos na Certificación FSC®, desenvolvéndose o día 3 de outubro a última auditoría que supón o final do proceso de avaliación e que permitirá a consecución do Certificado FSC® de Proxecto Completo (FSC-C168753).

Neste senso, o equipo auditor da entidade certificadora APCER, encargado do proceso de avaliación, supervisou que as empresas e todas as partes implicadas na obra xestionaron a subministración dos produtos de base forestal segundo criterios de sustentabilidade, validando a documentación dispoñible e determinando o cumprimento co Estándar FSC® de Certificación de Proxectos.

Restruturarán o urbanismo dos barrios Milagrosa e Feijoo

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, anunciou o seu propósito de rexenerar, urbanística e socialmente a Milagrosa e o Barrio Feijoo.

“Farémolo dende un punto de vista arquitectónico, promovendo e captando investimento para a recuperación dos inmobles e a mellora da súa eficiencia enerxética pero tamén rediseñando os espazos públicos con proxectos de humanización como a creación dunha senda verde peonil de conexión do conxunto do barrio co centro histórico”, adiantou a rexedora.

Deste xeito, a Xunta de Goberno autorizou a apertura do proceso de contratación que permitirá iniciar os traballos para declarar este espazo como Contorna Residencial de Rehabilitación Programada (ERRP).

“A elaboración deste ERRP, que non é máis que a nova denominación do que antes se coñecía como Arru ou Ari – puntualizou Méndez – é o trámite previo para poder concorrer ás axudas que se habilitan ao abeiro dos Fondos Next Generation e que temos vontade de solicitar

para propiciar a rexeneración destas contornas. Precisamente, dende o Concello agardamos á entrada en vigor dos últimos cambios normativos que rexen o procedemento para participar no programa de axudas do Plan de Recuperación en materia de vivenda a nivel de barrios co fin de ultimar o prego de licitación que nos posibilitará presentarnos á convocatoria destas achegas coa debida seguridade administrativa”.

Lara Méndez explicou, así mesmo, que o estudo debe abranguer un diagnóstico da situación demográfica, social, económica e ambiental da área.

“Para iso levarase a cabo un traballo de campo que deberá empezar por manter encontros e reunións coa veciñanza, asociacións, etc, co fin de lograr a súa implicación e colaboración para acceder ao interior dos inmobles sendo esta a mellor maneira de comprobar con veracidade a situación dos inmobles e poder determinar as obras que precisan e, por tanto, as propostas individuais para cada un”, debullou a rexedora.



Ademais, o equipo redactor deberá indicar o custo estimado das intervencións previstas, encamiñadas ao aforro e eficiencia enerxética, e elaborar senllas memorias sobre a idoneidade técnica e sobre a viabilidade económica que analizará a rendibilidade e o equilibrio entre os beneficios e as cargas derivadas da actuación para os propietarios, aludindo ás formas de xestión e execución, á programación temporal e ás medidas complementarias nos eidos social, económico e ambiental.

LICITACIÓN. A licitación, que sae a concurso por un importe de 101.357 euros, abrangue a contratación dun equipo multidisciplinar integrado, como mínimo, por tres persoas entre as que deben figurar os perfís profesionais de arquitecto/a e exeñeiro/a. Para a adxudicación terase en conta, prioritariamente, a experiencia do persoal, con 51 puntos sobre 100, mentres que o resto do baremo (49

puntos) se corresponderá con criterios económicos pola baixa ofrecida no prezo base.

A empresa disporá dun prazo de execución de 9 meses nos que establecerá un plan de etapas para ir entregando a documentación dende os primeiros avances da delimitación do propio ámbito, do estudo da situación social, económica e ambiental do barrio, do estado das edificacións e os espazos públicos así como para dar conta das propostas de actuación e da súa viabilidade técnica e económica até presentar o proxecto de renovación urbana definitiva ao que a Administración poderá ir incorporando axustes ou peticións. O ámbito de actuación, que se definirá con maior concreción no proxecto, abranguerá dende a Rolda da Muralla até o Agro do Rolo e dende a Avenida da Coruña ata Casas Baratas para a Milagrosa e, dende a Avenida da Coruña, por Perpetuo Socorro e Paradaí para o barrio Feijoo.

DEPUTACIÓN

O Pleno pide cambios na política de incendios e na sanidade

A Deputación de Lugo esixirá á Xunta de Galicia un cambio total da súa política de prevención e loita contra os incendios forestais despois do “seu fracaso evidente”, tal e como, unha vez máis, quedou demostrado na vaga de lumes que sufriu a provincia, sobre todo O Courel, o pasado verán. Así o acordou a Corporación provincial no Pleno ordinario grazas a unha iniciativa do Partido Socialista, que foi apoiada polo BNG, mentres que o PP votou en contra.

O acordo inclúe solicitar a comparecencia do Conselleiro de Medio Rural no Parlamento para dar explicacións e asumir as súas responsabilidades ante a vaga de lumes do verán; que a Xunta cumpra coa legalidade vixente recollida no Real Decreto 15/2002, artigo 48, punto 3, e aprrobe e publique o PLADIGA antes do 31 de outubro do ano precedente ao da súa aplicación; que a Xunta mude o seu modelo de loita contra o lume para poñer o acento nas tarefas de prevención e limpeza do monte durante todo o ano, incrementando as partidas orzamentarias dedicadas á prevención; a implantación dun servizo único de loita contra o lume profesional, estable, formado, ben equipado e baixo o mando único da Xunta de Galicia, rematando coa situación de precariedade, temporalidade e descoordinación do actual modelo de brigadas municipais; e o impulso de políticas transversais,

que fomenten os usos agrogandeiros, forestais, turísticos ou culturais imprescindibles para manter o monte vivo, limpo e ordenado.

SANIDADE. A Deputación urxe tamén á Xunta un plan de choque en sanidade ante as carencias que sofre o 80% dos concellos da provincia. A Deputación urxe á Xunta de Galicia á posta en marcha dun plan de choque que solucione os problemas na Atención Primaria que sofre o 80% dos concellos da provincia.

Logo dun verán no que municipios como Abadín, A Pontenova, Pantón, Antas de Ulla, Ribadeo ou Barreiros só contaron cun só médico nos seus centros de saúde, a institución provincial esixe que se garantan os cadros de persoal completos cunha política de contratación que permita cubrir baixas por enfermidade ou vacacións, segundo unha moción presentada polo PSdeG no Pleno celebrado onte que foi aprobada co apoio do BNG. O PP votou en contra. Sinalaron tamén os problemas de atención pediátrica que sofren os concellos de Abadín, Alfoz, Baralla, Becerreá, Castro de Rei, A Fonsagrada, Castroverde, O Corgo, Foz, Mondoñedo, Outeiro de Rei, Ribadeo ou O Valadouro.

Tamén se referiu ao preocupante que resulta que se pecharan centros de saúde en municipios coma Carballo, Parga, Guitiriz, Castro de Rei ou

Cervo; ou que haxa localidades coma Muras, Orol, Navia de Suarna, As Nogais ou Ribas de Sil que só contan cun médico, “ou Negueira de Muñiz que nin ten médico asignado”, dixo.

OUTRAS INICIATIVAS. O BNG logrou o respaldo do Pleno provincial – votos a favor do PSOE e abstención do PP-a unha moción que recolle as principais demandas da provincia dos servizos ferroviarios.

Esixe ao goberno do Estado a modernización completa e urxente da vía entre Lugo-A Coruña, a implantación da conexión directa entre Lugo e Compostela a través do estudo da variante entre Curtis e Ordes de 27 Km, a dotación dos recursos humanos, especialmente maquinistas, necesarios para garantir o servizo tanto nas conexións ferroviarias desde Lugo e desde Monforte, como no antigo FEVE e a ampliación das frecuencias para garantir un servizo de calidade que responda ás necesidades da poboación e fomenta o uso do tren coma servizo de proximidade fronte ao uso do vehículo particular. O PP conseguiu o apoio dos outros grupos (PSOE e BNG) ás dúas mocions que defendeu, para que a institución provincial apoie a proposta da cidade de Lugo como sede da Agencia Estatal de Salud Pública, e outra para demandar das administracións titulares de estradas na provincia que acometan as melloras.

Acondicionan e reparan a fachada do Pazo de San Marcos

A Deputación de Lugo acomete traballos de reparación e acondicionamento da fachada do Pazo de San Marcos, sede da institución provincial. As tarefas, adxudicadas en 150.000€, consisten na limpeza das paredes e da súa mampostería, o saneamento de fisuras e gretas, a eliminación de humidades e de filtracións de auga e o pintado.

O proxecto tamén contempla a colocación na fachada dunhas letras en aceiro pintado co texto Deputación Provincial de Lugo, que xa existían antes da remodelación da Praza de San Marcos e que identificarán á institución que alberga o Pazo. Os traballos completaranse coa reparación da pintura do Salón de Plenos, que presenta zonas afectadas pola antiga presenza de humidades.



Esta actuación súmase aos traballos de reposición da lámina impermeabilizante da parte plana do tellado de San Marcos, deteriorada polo paso do tempo, que se levaron a comezos do pasado verán, e á renovación da cuberta cun investimento

de 350.000€ realizada no ano 2020. Todas estas medidas adoptadas polo Goberno provincial servirán para garantir a conservación do Pazo de San Marcos, pero tamén para darlle unha maior prestancia a este edificio histórico.

Regresa o Circuito de Teatro Aficionado

Arranca unha nova edición do Circuito de Teatro Aficionado, que inclúe 87 representacións por todas as comarcas. Vintenove compañías –dez máis que na última edición– representan as súas obras no marco deste programa, co que a área de Cultura mantén o apoio ás artes escénicas e ofrece a asociacións e concellos a posibilidade de ampliar as súas axendas culturais.

Trátase de Asociación Cultural Abrente (As Nogais), Alentía Teatro e Metátese Teatro (Palas de Rei); Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas de Ulla, Falcatrueiros (Monterroso), Argalleiras (Chantada), Teatreiras (Monforte), Viraventos (Monforte), Hipócrata Teatro (Lugo), Grupo de Teatro do Hospital – HULA, Os Palimoquiños, Nova Escena, Curuxan Teatro Impro, Grupo de Teatro Down e Os Pinchacarneiros (Lugo); Lume Escénico (A Pontenova), O Torques (Burela), O Centiño, Pico do Castro, A Adala e Axóuxeres (Foz); A Mariña e Bordelo (Cervo); Colectivo Cultural



Ollomao (Barreiros), Borguete Teatro (Vilalba), Os Trocos e Os Baluros (Castro de Rei), Chimchiribote (Pol) e Rebuldeira (Sarria).

A área de Cultura xestionou o calendario, atendendo á dispoñibilidade das compañías e as preferencias dos concellos e asociacións.

O Circuito e Teatro Aficionado artéllase en catro ciclos en función das temáticas e públicos das obras propostas polas compañías, entre as que se atopan traxicomédias de intriga nas que o suspense se adereza con humor negro; funcións que abordan, a través de historias cotiás, problemáticas sociais coma a desigualdade de xénero ou pezas cómicas e costumistas nas que os protagonistas son arquetipos sociais, pasando por adaptacións de obras clásicas da literatura.



Aproban o orzamento do Consorcio de Bombeiros

O presidente da Deputación e do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, José Tomé Roca, presidiu o Pleno desta entidade no que se aprobou un Orzamento de 5,6 millóns de euros para o ano 2023. A Deputación achega o 50% do presuposto.

Estes orzamentos garanten o funcionamento dos seis parques do Consorcio –Monforte de Lemos, Chantada, Sarria, Barreiros, Vilalba e Viveiro-, que contan con 20 efectivos

cada un.

Dos 5.650.023,19 millóns de euros que contempla o Orzamento do 2023, un total de 4,5 están destinados a facer fronte aos salarios dos traballadores e traballadoras, 987.000 euros a gastos correntes, preto de 90.000 ao fondo de continxencia e 57.000 a investimentos.

Polo que respecta aos ingresos, proveñen das achegas da Deputación e da Xunta de Galicia a partes iguais e de UNESPA (Asociación Empresarial del Seguro).

Friol acolle o día 12 a I Poxa de Gando Frisón

O Concello de Friol celebrará no próximo mes de novembro a primeira edición da poxa de gando vacún de leite.

O transcurso da poxa terá lugar o sábado 12 de novembro pola mañá, a partir das 12:00 horas, no mercado municipal, que en esta primeira edición está organizada por Africor (Asociación Provincial de Gandeiros de Lugo para o Control de Rendementos) en colaboración co Concello de Friol. Será Africor Lugo quen se encargue da selección dos animais, as probas sanitarias, pechado dos animais, coidado dos mesmos durante a feira e realizar a poxa.

Neste tipo de poxas poden ofertar os seus animais os socios de Africor Lugo, xa sexan próximas ao parto ou paridas.

A presentación do cartel da poxa tivo lugar na mañá de este mércores, contando coa presenza do alcalde de Friol, José Ángel Santos, o presidente de Africor Lugo, Manuel Sandamil, e outros representantes do equipo de goberno e da asociación.

Con esta actividade o Concello pretende seguir apoiando o sector primario do municipio, e tamén que sirva de reclamo para



que a xente visite Friol, e para todos os interesados en participar en este tipo de compra-venta de gando.

A organización, así como os costes de este evento, son sufragados con fondos propios do Concello, pois como comenta José A. Santos, alcalde de Friol: "o sector primario é unha parte fundamental e moi importante do noso municipio, polo que todas as actividades que poidan ser dedicadas a este sector, e ao vacún de leite, en este caso, parécenos unha boa maneira de seguir apoiando e impulsando o sector gandeiro en particular e o rural en xeral, imprescindibles en Friol".

As citas do mes de novembro

CONFERENCIA. O GDR Comarca de Lugo celebrará en Friol unha charla co título *Envelhecimento activo, benestar e contorna natural*. A través desta ponencia, os asistentes descubrirán distintas formas de fomentar a actividade nos maiores para mellorar o seu estado de saúde e sempre aproveitando a contorna natural. A sesión será impartida por José Luis García Soidán, director e investigador principal del Grupo Hi10 sobre repercusiones orgánicas de la actividad física. A charla será o venres 11 de novembro ás 19:00 horas no salón de actos do Centro Sociocultural do Concello de Friol.

ITV. A unidade móbil da ITV está entre os días 16 de novembro e 2 de decembro en Friol para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. Estará instalada no mercado gandeiro. As revisións faranse de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas agás os venres (18 e 25 de novembro

e 2 de decembro), que será só en horario de mañá. Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycityv.com.

MAGOSTO. San Pedro de Vilalbite celebra o domingo 13 de novembro un magosto popular no campo da festa da localidade. Esta festa está organizada pola asociación veciñal Agro Pena de Vila e se desenvolverá en carpa cuberta. A sesión, que dará comezo ás 14.00 horas, estará amenizada polo dúo D'Ases. Ademais das castañas, haberá un xantar con empanada, cocido e larpeira. Terá un prezo de 22 euros para os socios e de 25 para os non socios mentres que os nenos de 4 a 10 anos deberán pagar 11 euros. As persoas interesadas en apuntarse deberán facelo no Bodegón Corbelle ou falando con Inés (681 291 140) ou María José (660 282 883). Sortearase unha televisión e outros agasallos.

Patrimonio Cultural de Galicia cataloga a Pena Castrelela

Atendendo a solicitude que se fixo dende o Colectivo Patrimonio dos Ancares, o Servizo do Patrimonio Cultural en Lugo vén de comunicar que, despois da inspección efectuada polos seus arqueólogos, a Pena Castrelela foi incluída no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. Segundo o artigo 93 da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia do ano 2016, por conter manifestacións de arte rupestre pasa a ter a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), gozando a partir deste momento da máxima protección legal. Situada no monte do Pedrido, entre as parroquias de Lea e Narla, é a máis emblemática e visitada de Friol.

Trátase dun espectacular afloramento granítico cunha altura máxima que ronda os 12 metros e en cuxo pé se abre un espacioso acubillo que pode dar cabida a varias persoas. En distintas partes da pena vense gravuras de entalladuras, pías e coviñas realizadas por man humana, as máis antigas de época prehistórica.

Hai máis de trinta anos, os investigadores Juan Núñez Jato e Laura Rodríguez Varela xa documentaron algúns dos petroglifos, así como a sona que a pena tiña en Friol, pero aínda así non fora catalogada.



A Pena Castrelela debe a súa fama, principalmente, a unha vella lenda, con varias versións, transmitida de xeración en xeración. Un día ía unha moura coa súa filla polo monte do Pedrido. A filla levaba unha ola de mazar o leite, e a nai, ao tempo que fiaba, transportaba unha enorme pedra sobre a cabeza. Cando chegaron ao sitio onde se atopa a Pena Castrelela, a moura esvarou e ao caerlle a pedra que levaba matou á filla e rompeu a ola. Chea de rabia, colleu unha gran pedra e lanzouna contra a Pena Castrelela ao tempo que exclamaba: "Pena Castrelela, / rompíchesme a ola / matáchesme a nena / heiche fender dende o rabo á orella". A pena quedou partida, tal como se ve na actualidade. No acubillo vense

gravados uns longos sucos que se di son as unllas da moura cando, rabiosa, arrabuñou a pedra, e cinco pequenas coviñas que hai ao seu carón as marcas dos seus dedos.

"Dende o Colectivo Patrimonio dos Ancares amosamos a nosa satisfacción de que por fin se catalogue este espazo arqueolóxico-cultural, que dende hai moitos anos levan divulgando veciños e asociacións do concello de Friol", din.

Dende Patrimonio tamén comunicaron a catalogación dun sartego antropoide de época medieval en Gondai, preto da igrexa de San Xoán de Parada (Outeiro de Rei), un dos poucos exemplares escavados na rocha viva que presenta a característica de acoller dous corpos.

O Concello executa dúas obras viais por valor de 80.000 euros

Leváronse a cabo os traballos necesarios para realizar dúas obras moi importantes para o Concello de Friol, que suman máis de 80.000 euros entre as dúas, e que se financiarán con cargo ás baixas do Plan Único, e serán dous proxectos catalogados como contratos menores.

O primeiro proxecto é o acondicionamento, mediante traballos de pavimentación, na parroquia de Carlín, realizado por Cholo S.L. por un importe de case 50.000 euros.

O segundo é o acondicionamento de varios tramos, entre os que se atopan as parroquias de Carballo, Friol e San Cibrao, executado por Construcións Carballeira por un importe de máis de 32.000 euros.

Son dous proxectos de gran importancia para a poboación de Friol, pois trátase de realizar melloras e mantementos de camiños municipais que benefician ás parroquias de Carlín, Carballo, Friol e San Cibrao, e



en xeral a unha gran parte da veciñanza.

As vías obxecto de actuación, mediante pavimentacións, estaban en mal estado debido ás condicións normais do tráfico, o paso de maquinaria agrícola ou para traballos forestais, as condicións atmosféricas e o paso de tempo, polo que resultaba complicado o paso en algunhas zonas das vías indicadas. Polo tanto,

as actuacións realizadas foron encamiñadas a reparar as deficiencias que presentaban e previr que se produciran máis danos.

Todas estas actuacións que acaban de realizarse, traerá nunha considerable mellora na calidade de vida dos habitantes do municipio, pois a mellora de todos estes camiños facilitará o acceso polos mesmos aos habitantes do Concello.

Instalan parques biosaudables nas parroquias de Ludrio e Dumpín

O Concello de Castro de Rei está a instalar dous parques de elementos biosaludables nas parroquias de Ludrio e Dumpín.

Ámbalas dúas actuacións foron subvencionadas ó abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, convocatoria (2021-2022) da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural con un orzamento de 35.000 euros (incluídos honorarios de redacción de proxecto) dos que 29.789 euros proceden da achega da Xunta e a cantidade restante de fondos propios do Concello de Castro de Rei.

A actuación, que se ubica en 2 fincas de titularidade municipal, nas parroquias de Ludrio e Dumpín, consistiu na instalación de 8 elementos en cada unha das parcelas, colocados sobre unha zona pavimentada na que se destaca a súa impermeabilidade e o seu aspecto natural o que evita o encharcamento do chan nas zonas de práctica de exercicios, empregando un deseño en concordancia



co espazo da zona verde de cada parcela coa finalidade de lograr unha distribución homoxénea e un percorrido ideal para o seu uso e disfrute. No caso de Dumpín optouse por facer un trazado agrupado entre os elementos e o pavimento de lousas que dá acceso á escola, en tanto que na parcela de Ludrio proxectouse un trazado cíclico acorde co entorno da parcela e adaptado á pendente do terreo. Esta actuación súmase a outras 5 realizadas en anos anteriores que permitiron instalar parques de ele-

mentos biosaudables en Castro de Rei, Castro Riberiras de Lea, Ponte de Outeiro, Pacios e San Xiao de Mos. Dende o Concello optouse por instalar este tipo de elementos coa finalidade de que os veciños e veciñas das respectivas zonas poidan realizar un exercicio físico completo adaptado e seguro, facilitando a realización de exercicios dinámicos e realizando exercicios saudables para a saúde cardiovascular das persoas maiores, así como a mellora da flexibilidade e mobilidade articular.

EN BREVE

TEATRO. A Escola Municipal de Teatro de Castro de Rei retomará un ano máis a súa actividade da man de Guillermo Cancelo, que dirixirá os cursos a partir do 1 de novembro. Así as clases de adultos terán lugar os martes de 20.00 a 22.00 horas e as persoas interesadas en participar deberán inscribirse no teléfono 639 319 502 ou no correo teatrodomiolo@gmail.com.

MAGOSTO. A asociación Amigos da Feira de Castro de Rei celebrará o próximo 5 de novembro un magosto tradicional a partir das 22.00 horas no Polideportivo da localidade. O menú consistirá en castañas, empanadas, lacón asado e panceta. Tamén habere algún sorteo e música. A actividade terá un prezo para socios de 6 euros por persoa e de 12 para o resto. No caso dos nenos maiores de 10 anos, serán 6 euros, e para os máis pequenos gratis. Esta actividade require inscrición previa. O prazo está aberto ata o 3 de novembro de forma presencial en varios establecementos da localidade: supermercado Claudio Grueira, Germán Naval Lage e Librería Maduca. tamén pode enviarse un whatsApp ao número da asociación, 624 09 92 75 ou chamar ao 697 824 797 (Héctor) ou ao 697 287 266 (Adrián).

O derrubamento dunha árbore destroza o Peto das Ánimas



As fortes rachas de vento da Borrasca Beatrice, arrasaron na súa totalidade o peto de ánimas de Balmonte, ao tirar o vento unha árbore de grandes dimensións situada nas inmediacións do monumento, provocando o levantamento do mesmo e a súa destrución total. O peto de ánimas de Balmonte, situado nas inmediacións do Cemiterio Parroquial, era un elemento de culto moi antigo, estaba construído con laxes de pizarra e con forma de altar, rematado en tres pingantes de granito, sendo unha manifestación material moi antiga de rendir culto aos mortos e expresar dalgunha maneira a devoción relixiosa, e tamén constituía unha mostra da arquitectura e arte popular moi representativa

da crenza e devoción para as xentes da zona. No Concello de Castro de Rei, era o máis importante dos dous que se conservan, xunto co de Dumpín “polo que este suceso foi unha grande perda”, di o alcalde, Francisco Balado. Dende o Concello pediron á Deputación Provincial de Lugo que acometa as labores de restauración do mesmo, xa que a última intervención levada a cabo nel, tramitouse cun convenio de colaboración entre o Centrad e o Bispado de Mondoñedo-Ferrol, no ano 2014 a través dos restauradores do Museo Provincial, polo que “dende o Concello queremos que se rehabilite na súa totalidade para evitar a súa perda como elemento patrimonial e relixioso”, din.

Alba Sinde preséntase como candidata á Alcaldía polo PSOE

Alba Sinde Paz é a nova candidata do Partido Socialista á Alcaldía de Castro de Rei. O Secretario Xeral do PSdeG na provincia de Lugo, José Tomé Roca, acompañou este venres á alcaldable na súa presentación durante un encontro con compañeiros e compañeiras socialistas do municipio celebrado no castro de Viladonga no que tamén participou a Secretaria de Organización provincial, Pilar García Porto.

“Hoxe é un día moi fermoso para o Partido Socialista e para min como Secretario Xeral na provincia porque presentamos á nosa candidata

ás eleccións municipais” en Castro de Rei, subliñou José Tomé, incidindo en que “a ilusión, as ganas e a preparación” de Alba Sinde “abren unha oportunidade” para este municipio.

Alba Sinde, de 21 anos de idade e estudante de último curso de Ciencias Políticas, “ten a ilusión de cambiar o seu pobo, quere estar cerca da xente, escoitar os seus problemas, e darlle unha oportunidade a Castro de Rei porque é evidente que ata o de agora está paralizado”, asegurou o Secretario provincial.



GALIÑA DE MOS. Varios criadores da comarca de Galiña de Mos resultaron premiados no VII Concurso Monográfico provincial de Lugo. Distribuídos en dúas categorías, en galiñas o primeiro premio foi para Luis Fernández Fernández, de Riotorto, ao que seguiron José Zapata Sánchez, de Castro de Rei, e José Luis Freire Castedo, de Pol. Ademais, na categoría de galos o primeiro foi para Beatriz Canto Edrosa, de Castro de Rei, como gañadora, seguida de polense José Luis Freire Castedo e de Gonzalo Rodríguez Lamblín, de Pantón.

Castro de Rei contará cun novo caixeiro na oficina de Correos

O Concello de Castro de Rei está a xestionar a instalación dun caixeiro automático na vila de Castro de Rei dende o mes de maio, a través dun convenio asinado coa Sociedade Estatal Correos e Telégrafos SA.

A ubicación prevista será a da oficina de correos da vila, de titularidade municipal sendo este o edificio elixido por contar con todas as conexións para o seu funcionamento.

Entre as obrigas das partes, o Concello asumirá a cesión do local, o consumo eléctrico e os gastos de contraprestación, en tanto que Correos asume a instalación e mantemento interno do caixeiro.

Actualmente a instalación do mesmo está pendente da autorización do servizo de patrimonio cultural, xa que a ubicación que se pretende levar a cabo atópase dentro do

conxunto histórico-artístico de Castro de Rei, e ademais nun edificio catalogado como é o da antiga escola. O caixeiro previsto permitirá realizar as operacións bancarias máis solicitadas como retirar saldos, facer ingresos e incluso xestionar recibos de tributos e taxas locais ou doutras administracións a través da oficina de correos, ofrecendo servizos complementarios e distintos aos que dispensan os caixeiros convencionais “Dende o Concello levabamos dous anos intentando conseguir a instalación dun caixeiro, contactando incluso con varias entidades bancarias polo que con esta modalidade poderemos ofrecer un servizo que terá boa acollida entre a veciñanza e permitirá realizar as xestións bancarias máis demandadas”, explica o seu alcalde, Francisco Balado.

José Pardo Lombao, reelixido presidente municipal do PP

José Pardo Lombao volve acadar o apoio da militancia do PP de Outeiro de Rei e, polo tanto, revalida o cargo de presidente da agrupación local.

O alcalde encabeza a única candidatura que se presentou ao conclave e que reúne a un total de 27 persoas que constitúen “unha ampla representación da sociedade do noso municipio: xente de tódalas idades e dos distintos sectores representativos do concello de Outeiro de Rei”. Ademais do presidente, o comité conta con Begoña Seco como secretaria; oito vicesecretarios -catro homes e catro mulleres- e 17 vogais. María José Martínez é a responsable da vicesecretaría de servizos sociais e igualdade; Luis Alfonso Trigo, de novas tecnoloxías; Pilar Méndez, de deportes; Luis Varela, de desenvolvemento forestal; Tania Díaz Seijas, de educación e conciliación familiar; Paulino Corral de agricultura e gandería; Verónica Fernández de emprego e Jesús Fernández, de medio ambiente. José Yebra, José Daniel Román, José Veiga, Luisa Seijas, Antonio López, Manuel Fraga, Alfonso Vilanova, Diego González, Jesús Ferro, Pedro Díaz, Ana Barreiro, Beatriz Blanco, Fermín López, José Luis López, Ana María Vilariño, Germán Arias e Rubén Díaz foron nomeados como vogais.

Convocada a nova edición do concurso de postais de Nadal

O Concello de Outeiro de Rei convoca por sétimo ano o Concurso de Postais Nadal 2022, no que poderán participar rapaces e rapazas que cursen Educación Primaria (EP) e estean empadroados neste municipio ou que estuden no Colexio Público Laverde Ruíz.

As categorías que se convocan son para pequenos de primeiro a terceiro de Primaria na primeira categoría, e os de cuarto a sexto, na segunda.

Os traballos tratarán sobre o Nadal, valorarase a imaxinación, orixinalidade, colorido e calidade da execución, con atención á idade dos nenos e das nenas concursantes; terán que presentarse en formato 15X21 cm (medio folio) e poderán realizarse tanto en sentido horizontal como vertical.

Entre as tarxetas premiadas o Concello seleccionará a de maior puntuación para empregala como felicitación de Nadal. O prazo de presentación de traballos permanecerá aberto do 1 ao 25 de novembro.

O BNG defende humanizar o tramo urbano da N-VI en Madrid

O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, anunciou durante unha visita ao Concello a presentación de iniciativas para coñecer a posición do executivo estatal sobre o proxecto de construción de vías de servizo a ambos lados da N-VI ao seu paso polo núcleo urbano. A fronte nacionalista reclama humanizar a estrada dotándoa de beirarrúas, sendas peonís e dos dispositivos necesarios para a mellora da viaria como rotondas, semáforos ou sinalización adecuada. Alén do máis, o BNG demanda a transferencia, unha vez rematada a obra, da titularidade do tramo urbano ao municipio lugués.

Durante a visita, o deputado estivo acompañado polos concelleiros da organización nacionalista no municipio, Elvira Lombao, Xosé Ferreiro e Rita Castedo, ademais da responsábel local, Lara Pita, o responsábel comarcal, Bernardo Valdés, e militantes e simpatizantes.

O actual plan urbanístico do Concello de Outeiro de Rei contempla a construción de vías de servizo a ambos lados da N-VI o que ocuparía un total de 56 metros de ancho e que suporía “dividir en dous a poboación e deixar a veciñanza sen alternativas de paso para atravesar dun lado a outro”. Para a organización nacionalista, este plan vén a agravar aínda



máis a situación posto que, ademais da separación, obrigaría a derrubar varios edificios públicos, á destrución de varias vivendas de particulares e afectaría a moitos solares que quedarían reducidos a un tamaño inservíbel.

“Rexistramos preguntas no Congreso para coñecer a opinión do Goberno do Estado sobre o proxecto exposto polo Concello de Outeiro de Rei. O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana debe explicar se comparte e apoia esta idea ou está do lado do conxunto da veciñanza que se mostrou contraria a este proxecto” anuncia o deputado do BNG. De facto, as veciñas e veciños do núcleo urbano presentaron máis de setenta alegacións ante o inicio da Delimitación de Polígonos

Urbanos por parte do Concello.

MOCIÓN. Por outra banda, o BNG de Outeiro propuxo no último pleno que se tivera en conta á hora de cobrarlles o IBI ou o ICIO os investimentos que moitas familias fan en apostar polas enerxías verdes nas súas vivendas.

Propoñía que cando se instalasen nunha vivenda sistemas alternativos de enerxía, o Concello bonificase estes investimentos ata onde a lei permite, para que así o esforzo económico das familias fose menor.

“A sorpresa xurdiu durante o pleno cando despois do debate correspondente o señor Pardo anunciou o seu voto en contra da proposta, cuestión que no pode ser entendida pola maioría da cidadanía”, dixo.

Organizan en Outeiro de Rei un obradoiro sobre Muller e Saúde

O Concello de Outeiro de Rei organiza un obradoiro de Muller e Saúde enmarcado dentro da programación de actividades de promoción da muller 2022. Este obradoiro está dirixido especialmente ás mulleres para abordar o seu benestar específico ofrecendo información que permita mellorar e manter a súa saúde. O obradoiro será impartido por persoal da Escola Galega de Saúde e terá lugar no salón de actos da casa da cultura.

O día escollido para a celebración é o 7 de novembro en horario de 16.30 a 20.30.

Os obxectivos do obradoiro pasan por mellorar a información e comprensión dos cambios evolutivos na muller e previr enfermidades propias do colectivo feminino. Na programación falárase de menopausa e osteoporose, prevención xinecolóxica, factores de risco, fisiopatoloxía, alimentación e exercicio.

A formación estará ao cargo de Cristina Ouro Nuñez, matrona do Complexo Hospitalario de Lugo.

O prazo de inscrición está aberto ata o 31 de outubro e esta pode facerse na propia oficina da casa da cultura, no teléfono 982 393 408 ou na web da escola galega de saúde.

‘Fisterra’ gaña o concurso de composicións musicais



Fisterra, da autoría de Saúl Aguado de Aza, composta sobre o poema homónimo de Manuel María, foi a canción lírica, para voz e piano, que resultou gañadora da primeira edición do Concurso Manuel María de Composicións Musicais da Casa-Museo Manuel María. O autor que levou un premio de mil euros en metálico, verá a súa composición editada xunto as obras das outras finalistas nunha publicación que será distribuída gratuitamente por todos os conservatorios de Galiza.

A gala-concerto de entrega encadrouse ao redor do aniversario de Manuel María e contou coa presenza do barítono Gabriel Alonso e o pianista Aurelio Viribay que interpretaron nunha primeira parte as cancións finalistas *Orballo de Teo Montero*, *A lúa de Saúl Aguado*, *Rosas de Teresa Bretal* e *Fisterra de Saúl Aguado*. E nunha segunda parte presentaron en concerto o seu traballo *No Camiño*. Saúl Aguado é un compositor e pianista acompañante no Conservatorio Superior de Música de Madrid.



O Concello revalida a Bandeira Verde

A Xunta vén de recoñecer 15 concellos como territorios responsables coa concesión da Bandeira Verde, un distintivo que ten por obxecto enxalzar as boas prácticas ambientais e de protección e conservación da paisaxe. Na súa primeira edición -2020- se entregaron 2 bandeiras verdes, este ano son 15 os municipios distinguidos, 6 máis que o pasado 2021.

Os concellos afortunados son Larcha, Cervo, Muros, Ribadeo, Ribeira e Touro por ser galardoados por primeira vez e aos de Alfoz, Curtis,

Moaña, Mondoñedo, Ordes, Outeiro de Rei, Parada de Sil, Porto do Son e Sober por revalidar a Bandeira Verde de 2021.

O distintivo Bandeira Verde de Galicia é unha iniciativa creada no ano 2020 que busca distinguir os concellos máis dinámicos neste eido cun distintivo que sexa recoñecido pola cidadanía e polos potenciais visitantes, fortalecendo a imaxe das vilas e pobos máis comprometidos nos ámbitos ambiental, paisaxístico e de respecto ao patrimonio natural.

rábade

A delincuencia descende en Rábade un 35 por cento

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, e o alcalde de Rábade, Franciso Xosé Fernández, copresidiron a Xunta Local de seguridade do municipio, que se reuniu para analizar a situación da seguridade cidadá e estudar os resultados dos Plans operativos da Secretaría de Estado de Seguridade. A xuntanza tivo lugar esta mañá na Casa do Concello e contou coa participación, tamén, de representantes da Garda Civil, o Subsector de Tráfico e a Policía Autonómica.

Isabel Rodríguez mostrouse satisfeita polo descenso da criminalidade no concello de Rábade, tal e como indican as estatísticas da Garda Civil. Concretamente, explicou que os datos amosan unha clara tendencia positiva ao reducirse un 35,6% o número de delitos que se produciron no municipio, pasando de 73 infraccións penais no 2019, ano prepandemia, a 47 no 2021.

A subdelegada felicitou á Garda Civil polo seu extraordinario labor e animouna a proseguir na mesma liña de traballo porque “os datos son favorables, pero non hai que darse por satisfeitos nin baixar a garda cando se trata da seguridade das persoas”.



Así, avanzou que o 2021 foi un gran ano en materia de seguridade no concello de Rábade, pois tamén descendieron os delitos graves e menos graves ao pasar de 49 a 24, entre eles os delitos contra o patrimonio, as persoas, a liberdade sexual, a seguridade colectiva e orde público. Ademais, os axentes da Garda Civil detiveron a 8 persoas o ano pasado pola súa presunta implicación en feitos constitutivos de delitos e investigou a outras 3 persoas.

Por outra banda, a subdelegada do Goberno tamén chamou a atención sobre a situación da violencia de xénero e informou de que, no que levamos de ano, rexistráronse en Rábade 5 denuncias por este motivo.

Ademais, destacou que nos tres últimos anos non se produciu ningunha denuncia por quebrantamento.

Seguridade escolar

A Xunta de Seguridade de Rábade tamén deu conta do Plan Director para a Convivencia e mellora da seguridade escolar nos centros educativos do municipio. Neste sentido, a subdelegada detallou que no curso académico 2021/2022 a Garda Civil impartiu 19 charlas sobre acoso escolar, riscos das novas tecnoloxías, adiccións, ciberseguridade, violencia de xénero e prevención de incendios forestais, destinadas ao CEIP Otero Pedrayo e o IES Río Miño.

A Deputación amosa ao alumnado da USC a xestión das reservas da biosfera

A Deputación amosou a 20 alumnos e alumnas da Universidade de Santiago de Compostela a importancia da xestión dun territorio tan valioso como as Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Beceiré para favorecer a súa protección e conservación, así como o seu desenvolvemento sostible. Na xornada, que se celebrou na Casa das Insuas, en Rábade, participaron estudantes dos másteres en Enxeñaría de Montes, que se imparte na Escola Politécnica de Lugo, e en Enxeñaría Ambiental, que ofrece a Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Santiago. A Deputación colabora dende o ano 2017 con esta actividade universitaria, de maneira que unha das visitas que teñen os alumnos e alumnas das materias Planificación e xestión de espazos naturais protexidos e Planificación de sistemas naturais que se imparten nestes másteres é ás reservas Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.

Na visita tamén estivo presente o profesor da USC e científico do Ór-



gano Reitor da Reserva da Biosfera Terras do Miño Alberto Rojo Alborca. Explicóuselle aos alumnos e alumnas o que é unha Reserva da Biosfera, que obxectivos ten e, sobre todo, como se xestiona. Nesta ocasión, tamén se lles falou do acordo de custodia do territorio que ten a Deputación coa Asociación Galega de Custodia o Territorio para a xestión das Insuas do Miño e Ollos de Begonte, espazos dun gran valor ambiental que son propiedade da institución provincial e que forman parte

da Zona Núcleo da Reserva Terras do Miño e da Rede Natura 2000. Neste sentido, expúxose a custodia do territorio como unha estratexia para a xestión da contorna que axuda aos propietarios, ben sexan públicos ou privados, a conservar a diversidade biolóxica, a paisaxe e o patrimonio cultural.

Esta actividade enmárcase nos obxectivos do Programa Mab de utilizar as reservas da biosfera para a investigación, a observación permanente, a educación e a capacitación.

castroverde

A localidade celebra o magosto popular o próximo día 12

O vindeiro sábado día 12 o Concello de Castroverde organiza un magosto que dará comezo ás 20.00 na praza do Concello.

Haberá degustación gratuíta de castañas asadas, empanada, lacón, viño e doces.

Para amenizar a noite a actuación O conxuro dos catro elementos, do grupo musical Zuncurrundullo e a continuación unha actuación da banda de gaitas.



O Concello organiza un obradoiro de memoria a partir de novembro

O Concello de Castroverde organiza un obradoiro de memoria para maiores de 55 que se desenvolverá todos os martes e xoves de 11.00 a 13.00 horas. O obradoiro terá lugar no concello vello cunha duración de dous meses.

Esta actividade ten aberto o prazo de inscrición ata o 31 de outubro pero pode consultarse dispoñibilidade. As clases, que serán gratútas, está previsto que dean comezo o xoves 3 de novembro.

As persoas interesadas en anotarse poden facelo nas oficinas do Concello de Castroverde.



Castroverde e Pedrafita agrupan o servizo de Secretaría e Intervención

O Consello da Xunta deu o visto e prace ao proxecto de decreto polo que se aproba a agrupación voluntaria entre os concellos lugueses de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro para o mantemento en común do posto de traballo de secretaria-intervención.

Búscase así garantir unha maior eficiencia e racionalidade dos recursos humanos, xa que a agrupación constitúe unha medida de aforro sen perda de capacidade na xestión administrativa.

Coa iniciativa ambos os concellos adaptan as súas estruturas de persoal ás circunstancias derivadas da diminución paulatina da po-

boación nos últimos anos, o que orixinou unha redución das tramitacións administrativas precisas e de ingresos procedentes de impostos e taxas.

O posto de traballo resultante da agrupación clasifícase como secretaria de clase 3a da subescala secretaria-intervención e proverase por concurso. O cargo resérvase a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

A maiores, o proxecto de decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta inclúe os estatutos polos cales se rexerá a agrupación voluntaria.

O PP denuncia o mal estado do depósito de auga de Lea

“A seguridade de todos os polenses é unha prioridade para o PP de Pol”, segundo manifesta a presidenta, Nicole Grueira. É por iso polo que denuncia o estado no que se atopa o depósito de Lea debido “á falta de mantemento por parte do goberno local”.

Os populares explican que o rexedor

respondeu que “estaba en perfecto estado e quen dixera o contrario mentía” a unha pregunta formulada polo voceiro do Grupo Municipal Popular, Enrique Rodríguez, no pleno do pasado mes de setembro. Pero, “o estado do depósito podemos comprobalo calquera dos veciños e veciñas de Pol”.

o corgo

A Legua Dereita organiza un magosto o próximo 5 de novembro no Corgo

A Asociación A Legua Dereita do Corgo organiza para o sábado 5 de novembro un magosto que se celebrará no centro sociocultural do Corgo ás 17.30.

Ademais de degustar este marabilloso manxar de outono os participantes poderán desfrutar cunha gran variedade de xogos, sorteos e música para toda a familia.

Esta celebración veciñal é xa unha tradición na localidade.



Arumes do Corgo convoca a XVI edición do certame literario Terras de Chamoso

Por décimo sexto ano a Asociación Cultural Arumes do Corgo, coa colaboración da Deputación de Lugo e a Asociación Cultural A Legua Dereita, convoca o XVI edición do certame literario Terras de Chamoso, no que quere premiar a todos os autores que expresen no papel os seus sentimentos empregando como ferramenta a lingua do país.

Unha iniciativa pioneira no Corgo e nos concellos da contorna que debido á alta participación, á calidade dos traballos e á valía do xurado estase a converter nun certame literario recoñecido a nivel galego.

As poesías e relatos do certame teñen como única condición estar escritos en lingua galega, e consta de varias categorías, infantil, dos 10 aos 13 anos; xuvenil, dos 14 aos 18 anos; e adulto, maiores de 18.

As persoas interesadas poderán participar dentro de dúas modalidades diferentes. A primeira poesía de 30 a 60 versos e a segunda relato curto de

3 a 6 folios escritos a dobre espazo. Os premios consisten nunha figura de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma. Habrá un premio especial A Legua Dereita na categoría infantil para aqueles relatos curtos que poñan en valor a cultura tradicional galega.

Cada participante poderá presentar varios traballos, non premiados noutros certames literarios, e deberán entregalos mecanografados indicando a categoría, modalidade, título e pseudónimo e achegando nun sobre pechado a información persoal a dirección A. C. Arumes do Corgo. Antigas escolas do Corgo s/n, 27.163 O Corgo (Lugo) ou ao correo arumes-corgo@gmail.com.

O prazo de entrega rematará o día 27 de novembro de 2021 e o acto de entrega dos premios será o 17 de decembro. Para calquera dúbida relacionada co certame literario enviar un correo a arumescorgo@gmail.com.

Mosteiro acollerá unha feira de troco e produtos de segunda man o domingo

A Asociación Cultural Chimchiribote de Pol celebrará o domingo 6 de novembro unha feira de troco de segunda man que leva o nome I Baleira Galpóns, que se celebrará na Carballeira de Mosteiro a partir das 11.00 horas.

Trala apertura da feira, na que se intercambiarán produtos de segunda man de todo tipo, actuarán Güaltrapas Van, un espectáculo de clonw ao redor do



mediodía para seguir, ás 13.30 horas coa sesión vermú, que estará a cargo de Troupelear e foliada aberta.

Pola tarde continuará a programación coa representación teatral 8 en sospeita, do grupo de teatro de Antas de Ulla.

Pecharán a programación do día cun magosto no que haberá chocolate ademais das castañas. A un prezo de 3 euros estará amenizado por Silpincha.

A polense Caraño celebra as súas patronais o sábado 12

A parroquia de Caraño, en Pol, celebra as festas patronais na honra a San Martiño esta fin de semana concentrando toda a actividade no sábado 12.

A sesión festiva dará comezo ás 13.30 horas con misa solemne e procesión, seguida da sesión vermú, que estará a cargo da orquestra Stereo.

Finalizarán coa verbena, na que volverá estar a mesma Stereo e tamén Coco Music co DJ Casanova.



Leña Verde organiza un magosto o día 5

A caseta do polbo na Carballeira de Mosteiro acollerá este sábado 5 de novembro un magosto organizado polo colectivo local Leña Verde.

Nesta xornada festiva haberá castañas, liscos ao espeto, chourizos e foliada aberta polo que os que o desexen poderán levar o seu instrumento musical.

A festa dará comezo ás 20.00 horas e están invitados a participar todos os veciños.

Durantes estes días membros de Leña Verda sairán ao monte en grupos para recoller castañas, unha actividade na que tamén poderán participar o resto de polenses.

Mosteiro quedouse pequeno na terceira xornada de billarda

Mosteiro acolleu a terceira xornada da LNB NorLeste de billarda con triunfo para os Carabullo. Malia que contaban con facelo, os organizadores da cita billardeira non puideron finalmente acceder aos dous campos de fútbol pero si celebraron a sesión no campo adxunto que se quedou pequeno para acoller aos noventa e un palanadores que se deron cita nesta ocasión.

A afluencia de xente obrigou a axear só tres pistas e reducir os oito grupos habituais a seis (moito mais numerosos, de quince e dezaseis palanadores cada un deles).

Foron 63 homes, 18 donas e 10 cativos menores de catorce anos os que deportivamente loitaron de igual a igual nun terreo humedecido e coa herba abondo esponxosa, sendo os da Pontenova os que máis palanadores presentaron así como o maior número de cativos (23 maiores e 6 cativos).

Comenzamos con puntualidade



prevendo que a xornada se ía alargar, e así foi, mais disfrutaron dun día agradable e soleado onde as novas incorporacións se van afacendo á mecánica do xogo.

Non houbo grandes puntuacións. Cada un dos tres equipos do podio colocou a un dos seus xogadores no mesmo posto individual. Charli e o seu equipo Carabullo foron os gañadores. Sachas e Troitas Bravas segundos e Gundar e Madia Leva terceiros (se ben estes derradeiros empatados

a puntos cos Billardeiros Musicais). En donas, Billardeiros Musicais copou o podio con Aroa, Geni e Dori (esta compartindo posto con Juncal de Castiñeiro Milenario).

En infantís, Mateu de Madia Leva vai con paso firme afianzándose no primeiro posto, desta volta escoltárono Alba e Antía, as dúas de Troitas Bravas. Diego, un habitual no podio infantil, non estivo moi acertado.

En proceso de adxudicación a explotación do Club Náutico

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou iniciar o procedemento de concorrència pública para adxudicar por concurso a explotación do Club Náutico de Portomarín. O prezo mensual fixado é de 300€, é dicir, 3.600€ ao ano. A institución provincial avaliará para a súa adxudicación o prezo ofertado polas empresas, os investimentos en equipamento propostos para as instalacións e a memoria técnica e xestión empresarial. A concesión é por dous anos, con posibilidade de dúas prórrogas máis de un ano cada unha. Farase unha concesión demanial, o que significa que o gañador ou gañadora do concurso terá o aproveitamento privativo e temporal destes bens. A Deputación acometeu obras para a mellora das instalacións por un importe de preto



de 40.000€. Consistiron na reparación e limpeza do tellado, na reposición dalgúns elementos da fachada e no acondicionamento dos baños, que se ampliaron e se dotaron de accesibilidade.

Tamén se habilitou como almacén un espazo no semisoto. O inmo-

ble conta con cafetería e cun salón grande que podería usarse a modo de comedor. Ademais, ten unha terraza grande sobre o río Miño e outro espazo exterior de gran tamaño para a realización de actividades náuticas cando as condicións da auga o permiten, como piragüismo ou vela.

A Mancomunidade de concellos do Camiño Francés recibe o Premio Apepsa

O deputado de Medio Ambiente e alcalde de Pedrafita do Cebreiro, José Luis Raposo, asistiu á entrega do X premio internacional Apepsa 2022, convocado pola Asociación de Periodistas e Estudiosos do Camiño de Santiago (Apepsa) e dedicado nesta edición a Pilar Armesto Valiña, hospitaleira, mesoneira, dinamizadora e defensora dos valo-

res do Camiño de Santiago, pioneira no asociacionismo e na acollida aos peregrinos.

A Mancomunidade de concellos galegos do Camiño Francés, integrada polos concellos de Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Samos, Sarria, Paradela, Portomarín, Monterroso, Palas de Rei, Melide, Arzúa e O Pino, resultou a gañadora des-

ta X edición do premio internacional Apepsa 2.

O xurado, presidido polo xornalista Luís Celeiro Álvarez, destacou e valorou o traballo da Mancomunidade e de cada un dos concellos integrantes da mesma, na defensa e promoción dos valores do Camiño. O premio consiste nunha escultura, Harmonía, de Luís Loureira.

Os socialistas denuncian o estado de abandono do Gastro-Obradoiro

Os socialistas de Portomarín fanse eco das denuncias e queixas da veciñanza sobre o lamentable estado de abandono no que se atopa o Gastro-Obradoiro. A Voceira Socialista, Silvia Rodríguez, lembra que “este espazo situado no campo da feira foi un dos proxectos dos que presumía o ex-alcalde Juan Serrano, quen na inauguración no 2018 anunciou que era o único concello da provincia que dispoñía dun recinto destas características de titularidade municipal”.

“Pois ben, o gastro-obradoiro esta nestes intres cheo de ratos, abandonado, e os veciños teñen que acondicionar o lugar cada vez que queren desfrutar deste espazo municipal, que foi creado para realizar pequenas celebracións e xuntanzas dos veciños. Esta deixadez, abandono e suciedade reflicte o pouco interese que ten o Goberno do PP de Portomarín por solventar os problemas da vila. É unha pena que a inversión que se realizou neste espazo se tire agora ao lixo, só catro anos despois da obra e compra de equipamentos, que xa están nunhas condicións deplorables”, advertiu Rodríguez. “O Alcalde e todo o seu Goberno están máis preocupados en



saír nas fotos coa cúpula do PP provincial, que en facer un seguimento e unha posta a punto das instalacións públicas do noso concello. Esta é a xestión do Alcalde de Portomarín, non facer absolutamente nada para ter minimamente adecentado o gastro-obradoiro”, criticou a Voceira. Por iso anunciou que dende o PSdeG “demandaremos explicacións na vindeira sesión plenaria co fin de que o Alcalde e o seu Goberno dean a cara e explicacións á veciñanza sobre a súa xestión neste asunto. Nós non imos quedar de brazos cruzados”, replicou.

A localidade acolle o día 6 a VI Ruta da Anguía

O próximo 6 de novembro Portomarín acolle a VI Ruta da Anguía organizada polo club ciclista Os Anguías BTT. Este evento deportivo terá a consideración de marcha cicloturista en BTT non competitiva. O percorrido terá unha distancia de 45km cunha ascensión acumulada de 1300 e unha dificultade física e técnica alta. A saída terá lugar ás 9.30 da praza Conde Fenosa ó carón da igrexa de San Nicolás. Esta edición contarán con unha unha ruta de corte opcional de 35 km cunha ascensión acumulada de 900m e cunha dificultade física e técnica media alta. Esta ruta será obrigatoria para os participantes que non cumpran o tempo de corte determinado pola organización. As inscricións poderán realizarse ata que se esgoten as 300 prazas



dispoñibles.

Ao rematar a ruta haberá un avituallamento final con empanadas de anguía e pinchos variados (tiras a brasa, panceta, tortillas ou pinchos de embutido e queixos variados) así como uns tiradores de cervexa e outras bebidas.

Comeza a construción dunha senda peonil ao seu paso por Mougán

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de iniciar as obras de construción dunha senda peonil na estrada LU-612 ao seu paso por Mougán, no concello de Guntín, ás que destina 45.581 euros.

Os traballos teñen por obxectivo mellorar a seguridade viaria mediante a separación física do tráfico de vehículos e do tráfico peonil, dándolle continuidade ao itinerario para peóns xa existente.

A actuación desenvolverase en dúas fases e nesta primeira vanse habilitar 175 metros de senda na contorna da igrexa parroquial de Mougán, cun ancho de 1,8 metros.

Para iso, levarase a cabo a demolición do pavimento actual para pro-



ceder á pavimentación das beiravías con 25 centímetros de zorra e 15 de formigón reforzado con mallazo. Tamén se colocará bordo prefabricado de formigón de 22x15 centímetros e bordo exterior de delimitación en toda a lonxitude da senda.

Antes da execución do pavimento, prevese a canalización da drenaxe e a execución de 5 pozos de rexistro con sumidoiro para a recollida de augas pluviais. Tamén se prevé a canalización do alumbeado público coas súas arquetas correspondentes.

DEPORTES

“Clasificarnos para salvarnos do descenso sería un éxito”

José Antonio Caneda, presidente do Breogán dende o ano 2019

Cando e como chega a presidente do CB Breogán?

Como todos os integrantes do Consello de Administración, son elixido pola Asemblea Xeral do Club, por primeira vez, no mes de outubro de dous mil dezanove e, na mesma data, elixido presidente do Consello de Administración, á proposta de Narciso Fernández, ratificada posteriormente por Carmen Lence e os demais membros do consello. Posteriormente fun reelixido na Asemblea Xeral de decembro do ano pasado como integrante do Consello e o mesmo día de novo presidente do mesmo. Con todo, o importante é que nunca antes os dous accionistas maioritarios do club formaran parte do Consello. Non só lles agradezo a confianza en min depositada para o desempeño do cargo de presidente senón tamén a súa implicación no día a día do Club

Como valora estes anos na presidencia do Club?

Evidentemente, cos nosos acertos e os nosos erros, dunha maneira moi positiva. O Consello nomeado en 2019 púxose como prazo máximo para volver á ACB en tres anos. E así foi, antes de devandito prazo. En efecto, se nos esquecemos da tempada 2019-2020 en que nós somos elixidos coa liga empezada e que terminou antes de tempo como consecuencia da covid, finalización prematura que nos pillou en oitavo lugar da clasificación, a segunda tempada, é dicir a 2020-2021, finaliza co ascenso en Granada o día 20 de xuño de 2021, nun ano tremendamente complicado para todos, no que só podía ascender un equipo. E que vou dicir da tempada pasada: tempada histórica de todos coñecida e que ninguén de nós esquecerá. E en canto a resultados deportivos concretos, conseguíuse gañar a Copa Galicia nas dúas últimas ocasións celebrada, a Copa Princesa no ano que a xogamos e a Copa de Campión de Liga LEB e por tanto, o ascenso no segundo ano. Creo que non está nada mal, para tres anos, incluído o ano da covid.

Cales cree que foron as claves para estes últimos anos de éxito?

O éxito nunca chega por casualidade. O baloncesto, coma todos

os deportes, require entre outras cousas que existan bos xogadores e corpo técnico que queiran involucrarse e traballar unidos, a todos os niveis, a fin de conseguir o que se pretende, neste caso o ascenso ou a permanencia. Nestes últimos anos, cando por bancada, banco, oficinas, consello, etc. perségúense e conseguen estes fins, o resultado está á vista.

Cal é o principal obxectivo para esta tempada?

A permanencia en ACB. Breogán, como todos sabemos, é un equipo humilde, cunha gran afección envexa dos demais equipos, que está totalmente envorcada no apoio ao seu club e cunha cidade que vive por e para o baloncesto fundamentalmente. Coa excepción do ano pasado, temos que asumir que se conseguimos manternos na categoría e salvarnos do descenso, seguindo en ACB, sería un gran éxito. E niso estamos.

Como valora a eliminación da competición europea?

O ir a Europa non é máis que o resultado da tempada pasada. Era unha ilusión para moita xente. Que o resultado deportivo non foi o que todos pensabamos? Indubidablemente. Pero serviu, canto menos, para situar ao Breogán no mapa europeo, e a Galicia, a Lugo e aos nosos patrocinadores nunha competición europea.

Como ve este inicio de tempada?

O ano pasado quedamos todos cun gran sabor de boca ante os éxitos e resultados conseguidos. Pero non nos enganemos. Ano novo, tempada nova. Partimos practicamente de cero, con moita ilusión e realismo, sabendo as nosas posibilidades e onde estamos. O ano pasado pasou e este partimos dunha realidade nova en todos os sentidos. Non debemos poñernos nerviosos, a tempada é moi longa e todos os equipos imos pasar por momentos baixos no xogo. De momento, con catro vitorias en seis xornadas, vanse cumprindo as nosas esperanzas.

No caso de que o equipo necesite reforzarse con algún xogador, sería economicamente posible?

De momento non nos imos a expor a esa posibilidade. Conseguí-

se un equipo novo, con case toda xente nova, na que hai tres xogadores da pasada tempada, cunha gran profundidade e posibilidades de cubrir diversas posicións, e temos que seguir confiando plenamente na mesma, non nos esquezamos que temos trece xogadores, pois necesitan tempo para coñecerse e repartir responsabilidades. Se chegado o momento ocorre aquela posibilidade, o Consello de Administración valorará todas as oportunidades que ofrezca o mercado.

O Pazo ten pendente unha obra para cumprir con algúns requisitos da ACB, como está ese proceso?

Como sabemos o Pazo non é propiedade do Breogán e a ACB esixe unha serie de requisitos para poder xogar no mesmo, entre eles, a potencia de luz e a substitución de asentos corridos por cadeiras ou butacas individuais. A propiedade do mesmo manifestounos múltiples veces que está en trámite a corrección das devanditas deficiencias co fin de poder cumprir o compromiso adquirido, que en caso contrario, é o Club o que ten que asumir as consecuencias do incumprimento xornada tras xornada.

A tempada pasada recuperouse a Fundación Breogán que cre que achega ao club e por que é importante?

Quizais non sexa a persoa máis adecuada para responder a esta pregunta, xa que a Fundación ten o seu propio presidente na persoa de Narciso Fernández Iturraspe, vicepresidente do Club, e funciona de maneira autónoma e independente ao club, aínda que é certo que desde as primeiras reunións deste Consello, a recuperación da Fundación era un dos nosos obxectivos principais. Como xa se está vendo, o traballo que se pode chegar a facer a través dela é dun valor incalculable tanto para a sociedade como para o propio Club. En definitiva, entendo que a finalidade da existencia da Fundación é achegar o baloncesto aos máis novos de toda a provincia, e tentar conseguir un hábito de vida saudable, non só no mundo urbano, senón tamén no mundo rural a través da práctica do deporte.



Cal é o recordo máis especial que garda destes anos na presidencia?

Indubidablemente o día 20 de xuño de 2021, día do ascenso. E posteriormente, na tempada pasada, o día que gañamos como locais ao Baskonia despois de

perder na casa co Joventut de Badalona e tras unhas semanas complicadas sen adestrador principal, vitoria que oficialmente nos clasificaba para xogar a Copa do Rei. Debemos de estar orgullosos dos xogadores e equipos técnicos que lograron eses éxitos.

Un mes de outubro positivo

Por Adrián Fernández

O Breogán rematou o mes de outubro de maneira moi positiva, catro vitorias e dúas derrotas que nos deixan na cuarta posición da taboa pese aos altibaixos mostrados nalgun encontro.

Comezaba o mes de volta na casa contra o Fuenlabrada, rival directo na loita pola salvación, un bo primeiro cuarto dábanos unha pequena vantaxe de 5 puntos e a sensación de ter o control do partido o que provocou a relaxación dos xogadores, o Fuenlabrada aproveitouno e subiu a intensidade do partido e deixou aos locais en só 8 puntos no segundo cuarto. Na segunda metade todo seguía igual, semellaba que o Breogán no momento en que apretase un pouco levaría a vitoria pero non foi ata o último cuarto, gracias a explosión anotadora de Bamforth e Nakic, cando se conseguiu coller distancias e gañar o encontro por 78-70.

Coa moral alta viaxabamos a Badalona dispostos a competir fronte ao Joventut, e así foi ata o descanso (42-48), pero algo pasou na segunda parte, de súpeto, o clube xa non era quen de xogar coma sempre e era incapaz de meter canasta, uns ridículos 18 puntos en 20 minutos

deixaban o marcador en 85-66, derrota asumible pero perigosa por como foi.

Volvíamos a Lugo a recibir a outro rival duro como é o Gran Canaria, coa necesidade de deixar ver que o acontecido en Badalona foi algo anecdótico, pero nada máis lonxe da realidade, na primeira metade volveríase a repetir o mesmo e outra vez só seríamos quen de meter 18 puntos (36 nos últimos 40 minutos) e o partido xa perdido ao descanso, o Gran Canaria controlou o encontro ata o final que gañaría por 53-71 e cun Breogán moi dubitativo e que rematou cun 3 de 29 en triples.

Dous encontros nefastos que deixaban moitas dúbidas nos afeccionados para afrontar o partido contra o Surne Bilbao. Todo o mundo estaba á expectativa por ver que cara ía a ensinar o equipo, pero esta vez sí saíron as cousas, 23-11 no primeiro cuarto demostrando a gañas que tiñan de esquecer o sucedido máis semanas anteriores, no segundo o Bilbao aumentaría a intensidade, pero o Breogán conseguía controlar o partido e manter a vantaxe en torno aos 10 puntos (44-35 ao descanso). Na segunda metade no cambiou nada e os nosos levarían a vitoria por

86-70 gracias a actuación de dous xogadores inesperados como foron Sergi Quintela e Arteaga, que neutralizaron os intentos visitantes por acadar a remontada.

Para rematalo mes visita a Manresa, cos ánimos máis calmos despois de espantar as pantasma dos encontros fronte ao Joventut e o Gran Canaria. O Breogán saíu como sempre a imprimir un ritmo alto de xogo e desta vez todo ía ben, a partir do segundo cuarto os xogadores vían con moitísima facilidade o aro rival e semellaba que todo o que non meteron naqueles 40 minutos para olvidar entraba agora, ao final vitoria por 70-106, partido de récords para o Breogán como os 41 puntos medidos no último cuarto ou os 147 de valoración do equipo.

Valoracións positivas ao marxe das vitorias, a capacidade para recompoñerse despois de dous malísimos resultados e o feito de que eses dous momentos malos foron contra equipos que non están a priori na nosa liga e estamos a gañar de maneira solvente aos nosos rivais directos. Por último, como dato curioso hai que destacar que nas catro vitorias os rivais anotaron exactamente 70 puntos.

O Waterpolo Lugo logra unha vitoria histórica



O Club Waterpolo Lugo vén de disputar o seu primeiro encontro de liga cunha gran vitoria. O equipo absoluto masculino compite por segundo ano consecutivo na División de Honra masculina, máxima competición a nivel autonómico e esta fin de semana enfrontouse o Club Waterpolo Pabellón Ourense.

Os lucenses comezan a tempada da mellor forma posible, cun resultado final de 10-9 e acadan a súa primeira vitoria, non só para esta tempada, xa que é a primeira vez que o club gaña un partido en competición oficial.

O equipo dirixido por Xavier Moreno comezou adiantándose no marcador cun 2-0 e rematou o primeiro cuarto cun parcial de 4-3 mostrando unha gran actuación en ataque nos primeiros minutos do encontro. A

defensa foi clave no segundo cuarto cunha gran actuación do porteiro que foi moi importante para chegar ao descanso cun marcador 6-4. O equipo lucense tamén se impuxo nun terceiro cuarto moi disputado cun parcial de 3-2 que deixaba un eléctrico de 9-6 para dar comezo ao último tempo.

Os lucense aguantaron ben os últimos minutos de partido cando un acertado Pabellón Ourense impúxose cun parcial de 1-3 que outorgaba a vitoria ós lucenses por só un gol de diferenza.

O club inaugura así esta tempada cunha vitoria do seu equipo masculino, que é a primeira da súa historia en competición oficial, para seguir crecendo e afianzando un proxecto que naceu hai xa catro anos.

Deportistas do Club Biosbardo participan na Ultra Sanabria

O CD Biosbardo desprazouse a Zamora para disputar a Ultra Sanabria, unha carreira de montaña onde se reúnen os corredores de máis nivel do panorama nacional así como deportistas de outros países coma Portugal, Francia ou Italia. Esta proba dispútase nun formato por etapas o longo de tres días de competición consecutivos. A parella do Biosbardo formada por Enara Fernández e Eneko Hurtado realizaron unha gran competición de parella mixta no Gran Trail no que percorreron 62 quilómetros con mais de 3000 metros de ascenso. A parella debía percorrer tódalas etapas xuntos sen poder distanciarse máis de un minuto e realizaron unha gran traballo en equipo para rematar segundos na clasificación xeral de parellas mixtas.



Na mesma modalidade do Gran Trail, Jonathan Pérez remataba na décimo sexta posición masculina. O deportista, natural de Pedrafita, perdeu o top 10 na última xornada a causa duns problemas dixestivos pero acadou un gran resultado na súa estrea nesta proba. Este ano a proba raíña de Ultra Sa-

nabria con 114 quilómetros e 6 mil metros de ascenso, foi Campionato de España Ultra por etapas da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada. Iván Sangiao membro do club Biosbardo acadou un 8º posto absoluto comandando unha vez máis a expedición galega.

Volven as carreiras Lugo Monumental e Corre Con Nós

A Concellería de Deportes, dirixida por Mauricio Repetto, avanza as datas das dúas das carreiras populares máis esperadas e exitosas, a XIX edición da Lugo Monumental e o XXI Circuito Corre Con Nós, co obxectivo de continuar facendo de Lugo “unha cidade punteira para o deporte onde se seguen promovendo os hábitos de vida saudables”.

O edil destacou que ambas as dúas convocatorias chegan con toda a forza da que sempre fixeron gala, pero “con ganas renovadas xa que recuperamos, tras a etapa da pandemia, a total normalidade”.

Así, a XIX Edición Lugo Monumental – GP Caixa Bank celebrarase o domingo 18 de decembro. O edil de Deportes detallou que será unha edición atractiva e extraordinaria,

“na que recuperaremos a proba dos menores, que na última edición non correron pola situación sanitaria”.


Así, ás 11.00 horas será a saída das e dos participantes de entre 5 e 16 anos sobre percorridos de 250 a 3.000 metros, e a partir das 12.00 horas será a quenda dos adultos (cun límite de 1.500 participantes) sobre unha distancia aproximada de 10.000 metros.

Por outra banda, o concelleiro anunciou a volta do circuito das seis carreiras do Corre con Nós, un dos eventos populares con máis éxito de convocatoria. As datas previstas son o 28 de xaneiro (domingo); 19 de febreiro (domingo); 19 de marzo (domingo); 23 abril (domingo); o sábado 20 maio e o domingo 11 xuño.

COLABORACIÓN

Morriña

CULTURA



Rebeca Maseda

“Sentimento e estado de ánimo melancólico e depresivo, en particular o causado pola nostalgia da terra”. Así define esta fermosa palabra o dicionario da Real Academia Galega, pero poderíamos dicir que existen cores morriñentas, lugares morriñentos? Pois a verdade é que, dependendo da situación, sería posible aplicar este cualificativo a moitas cousas. Por exemplo, o outono ten algo de morriñento, un “non-sei-que” que resulta difícil de explicar: As follas comezan a formar un edredón de cores únicas, marrón, amarelo, ocre; os cogomelos agroman nos prados, as castañas invaden o chan, os

días fanse máis cortos e a noite cobra protagonismo. Está claro que a natureza ten os seus propios sinais pero, así mesmo, as persoas tamén percibimos estes cambios. Parece que coa caída da folla adoita morrer máis xente e o cabelo debilítase. Incluso podemos chegar a sentirnos un pouco máis tristes/as, como se o noso ánimo se sosegara paulatinamente.

Observar como chove a través dun cristal embazado, mirar o lume chispeante da cheminea, mergullarse nos propios pensamentos. Todas elas, situacións que ben poderían evocar un sentimento de morriña, igual que un libro, unha película, unha canción ou mesmo sensacións máis etéreas como un sabor ou un olor. No imaxinario colectivo atopamos multitude de ideas ou visións inspiradoras, moitas delas saca-

das dunha película ou dunha serie. Xamais esqueceré o principio de “Anticristo” (2009), longametraxe do afamado cineasta danés Lars von Trier. Nesta escena unha parella ten relacións apaixonadamente mentres o seu fillo Nick sae do seu berce, sobe a unha mesa e cae por unha xanela aberta. O neno fica no chan cuberto de neve e xusto no momento da súa morte, móstrase á muller no clímax sexual. Esta secuencia está rodada en branco e negro e acompañada por unha música sublime, a aria “Lascia ch’io pianga” pertencente á ópera “Rinaldo” de G. F. Händel. Toda a escena desprende beleza a esgalla, a fotografía, o mimo co que se trata cada fotograma, a elección da música, realmente maxistral. Outro claro exemplo de como o drama e o caos, aínda co seu negativismo implícito, poden transmitir

fermosura. Paradoxos da vida, e polo tanto, da arte.

Din que a música é unha disciplina artística que, polo seu carácter universal, é quen de evocar infinidad de sentimentos e emocións no ser humano. Desde a máis alegre ata a máis trágica, desde o transcendental ao irrelevante e como non, morriña incluída. Dado que a listaxe de obras podería ser interminable, seleccionarei tres pezas que persoalmente asocio con ese sentimento que para tanta xente nos caracteriza como galegos e galegas: a morriña.

Comezarei con “Gymnopédie No. 1” do compositor francés Erik Satie (1866-1925), primeiro movemento que forma parte dun ciclo de tres danzas escritas para piano só. Esta maravillosa e breve peza é probablemente unha das obras máis afamadas do compositor. Parece ser que Satie sentiuse moi inspirado despois de ler a novela histórica “Salammbô” de Gustave Flaubert e quixo compoñer música para piano vencellada ás danzas da Grecia Clásica.

A seguinte peza da miña listaxe está catalogada por moitos/as expertos/as como un dos grandes fitos na Historia da Música Occidental: O “Adagietto” da Quinta Sinfonía en Do# menor do compositor austríaco Gustav Mahler (1860-1911). Popularmente coñecida por formar parte da banda sonora da película “Morte a



Venezia” (1971) do cineasta italiano Luchino Visconti; esta peza - escrita só para cordas e arpa - ben podería tratarse dunha carta de amor sonora de Mahler para a súa amada esposa, Alma. Emoción e dramatismo na súa expresión máis íntima e xenuína.

Por último, e cambiando de estilo, unha canción que non necesita definición: “Corcovado” - coñecida en inglés como “Quiet Nights of Quiet Stars” - de Antônio Carlos Jobim na súa versión de 1963 interpretada por Stan Getz, João e Astrud Gilberto xunto ao propio Jobim.

Bendita morriña, canto nos das...

O coordinador de benestar: a nova figura obrigatoria nos centros educativos

O PUPITRE



Julio Díaz

Fai xa uns anos a Lei Orgánica 2/2006 estableceu a obrigatoriedade de elaborar un Plan de Convivencia para incorporar á Programación Xeral Anual, sendo este un documento no que os centros inclúen actividades encamiñadas a acadar un bo clima nas aulas e buscan solucionar pacificamente os conflitos que poidan xurdir.

A Lei Orgánica 8/2021 de protección integral da infancia e da adolescencia, establece que todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade deben ter un coordinador/a de benestar e protección do alumnado.

A figura débese implantar neste curso 2022/2023 pero con flexibilidade, podendo ser mesmo a finais do mesmo, xa que se trata dun proceso gradual.

A Lei recolle que o coordinador/a de benestar será o encargado de promover plans de formación ao persoal dos centros, os alumnos e os pais sobre prevención, detección precoz e protección de nenos/as

e adolescentes. Deberá coordinar tamén protocolos eficaces e claros para aqueles casos que requiran a intervención por parte dos servizos sociais competentes; interceder como referente principal para as comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou no seu entorno; fomentar o respecto cara os alumnos con discapacidade ou outras circunstancias de vulnerabilidade ou diversidade e fomentar unha alimentación saudable e nutritiva.

A min gustárame destacar unha das funcións deste coordinador de benestar nos centros educativos que é a de frear as publicacións de contidos sensibles en internet e promover a comunicación inmediata aos axentes de protección de datos de situacións que poidan implicar un tratamento ilícito de datos de carácter persoal das persoas menores de idade.

A Axencia Española de Protección de Datos dispón dun canal prioritario para comunicar as publicacións non autorizadas en internet de contido sexual ou violento e solicitar a súa retirada das redes de forma urxente. No comezo deste curso escolar, a Axencia publicou un documento que recolle de forma sinxela como

deben actuar os centros educativos e como realizar a correspondente denuncia si se detectan este tipo de actuacións. É precisamente aquí onde se converte a figura do coordinador de benestar e protección do alumnado nunha figura clave para denunciar ante dita Axencia a publicación de todo este tipo de contidos. A proliferación de dispositivos móbiles, entre outros factores, están propiciando a difusión de datos persoais a través das redes sociais, sendo frecuente que a gravación e publicación de contidos sexuais e violentos, converténdose nun dos instrumentos máis utilizados en casos de acoso, tamén no ámbito escolar.

Para rematar, dicir que o sector educativo, polo xeral, recibiu con indiferenza a medida xa que falta claridade á hora de desenvolver a Lei e rexeita a maneira na que se está a trasladar aos centros, sen unha regulación concreta e clarificadora, sen recursos adicionais imprescindibles, e sen o coñecemento das consecuencias que poden carrexar unha incorrecta aplicación das súas funcións e protocolos. O profesorado teme que ao final se converta, outra vez máis, tan só en burocracia, burocracia e máis burocracia.

O RECUNCHO DE CANELINA



Conversa con Pablo Veiga, traballador social e escritor

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Nado en Begonte, pero leva uns dezaaio anos residindo na capital. Está moi vinculado á Terra Chá de nacemento e a Lugo de residencia, concretamente na Piringalla

A túa formación é?

Diplomado en Traballo Social pola Universidade de Santiago de Compostela.

Actualmente traballas en?

Nos servizos sociais do Concello de Friol dende hai vintecatros anos.

Pero ti tamén es escritor?

Pois é unha afección que teño. Colaboro co xornal TerracháXá, levo máis de cento setenta artigos e os cen primeiros recopileinos en formato libro, titulado "En cincuenta mil palabras". Tamén colaboro cun semanario israelí en castelán, "Aurora", cunha columna sobre "Santiago de Compostela a Xerusalén", para o que escribo esporádicamente.

Nos últimos tempos din un salto cualitativo e cuantitativo, publicando a miña primeira novela, "A marcha de Anxo". E este ano, no mes de novembro, sairá un diario en castelán sobre a miña viaxe a Israel, fai doce anos, "Crónicas de un gallego en Israel".

Eu lín 'A marcha de Anxo' e deca-teime que hai moito de Traballo Social nela, non é certo?

A ver, cando a revisei, recoñecín certa deformación profesional e non era a miña intención. Pero, efectivamente, trátase dunha historia, narrada dende o punto de vista dun neno de nove anos,



que vive nos arredores dunha localidade galega e, sendo o último domingo de agosto, mañá luns, el e a súa familia marchan da barriada, ás aforas da cidade.

E vai dar unha última volta pola zona en bicicleta e, nun radio dun quilómetro, comeza a lembrar personaxes e historias que, dalgún xeito, teñen que ver con el. Así aparece un home con discapacidade, unha señora maior que vive soa, tamén aparecen menores en acollemento, ou situacións de maltrato, persoas con diversidade sexual e, incluso, o caciquismo ou abuso de poder... cuestións directamente relacionadas coa miña profesión. E, sen ser, a miña intención, ao final, escribo do que coñezo.

Por suposto, hai moita empatía cos nosos personaxes, capacidade que debe desenvolver un Traballador Social profesional.

Bueno, ou máis difícil foi transmitir a olkada dun neno. O tema fundamental da novela é o desacougo, o que significa deixar o coñecido polo descoñecido, tanto para os que marchan, que o deciden

voluntariamente, a pesar de ter unha situación favorable, como para os que quedan, persoas que están vinculadas á familia do neno e que se sentirán un pouco desamparadas coa súa marcha.

E sobre todo, Nesta novela se fala do rural?

Máis ben dos espazos rurais arredor de calquera vila galega. Non é un entorno rural típico galego. Unha nai que traballa nun supermercado e un pai, ao parecer, que fai teletraballo dende a casa.

Cales son as semellanzas co entorno no que traballas?

Traballo nun concello, eminentemente rural, con características propias da Galicia interior: cada vez máis despoboado, xente moi maior (catro de cada dez, teñen máis de sesenta e cinco anos e os menores de dezaaio anos non superan o 7 por cen), unha gran dispersión xeográfica, etc.

Imaxino que o Traballo Social ten que afrontar grandes retos...

Tendo en conta os datos, os grandes demandantes dos servizos sociais son as persoas maiores, sobre todo o Servizo de Axuda no

Fogar (SAF) para que non teñan que abandonar a súa casa, onde sempre residiron, cando necesiten asistencia.

Os servizos sociais comunitarios teñen apoio suficiente?

O avance foi importante dende o posto en vigor da denominada Lei da Dependencia, aínda que o incremento do número de usuarios foi brutal: desde vinte usuarios cada ano ata cento trinta nun concello de tres mil setecentos habitantes. Isto implica que de dúas auxiliares do SAF, hai quince anos, agora son máis de trinta e cinco, todas mulleres, sendo un nicho de emprego feminino.

Co paso do tempo, as demandas seguirán medrando e tanto no rural como nas cidades. Temos aí un gran reto. A maioría destes usuarios son persoas maiores que viven soas ben porque non teñen familia directa ou ben porque viven lonxe e, cando teñen unha situación de dependencia, hai que darlles unha resposta axeitada.

Dispoñedes de recursos sociais para responder a esas demandas no teu Concello?

En Friol hai un Centro de Día xestionado por AFALU con varias prazas concertadas para acceder por Dependencia. Tamén hai un Servizo de Atención Temperá xunto con catro concellos máis, no que se atenden aos nenos de cero a seis anos con necesidades especiais. Tamén un Servizo de atención infantil con vinte prazas de gardería. E nun municipio fronteirizo existe un centro de información á muller, ao que derivo casos de separacións, maltrato...E tamén, co Traballo Social na comunidade, se transforman realidades colectivas, por exemplo, agora no Con-

cello de Friol hai varias prazas de aparcamento reservado para persoas con mobilidade reducida xa que cada vez hai máis solicitudes de tarxetas.

En canto a inmigración...

Temos algunha familia hispanoamericana, do Norte de África...e a integración é boa. E como hai bastante oferta de emprego tanto no SAF, coma no sector agropecuario, nos que a poboación inmigrante se está insertando moi ben

Na actualidade a figura so Traballador Social é respetada?

Eu penso que sí, mira que hai compañeiras e compañeiros que levan máis de corenta anos traballando, dende que se empezou co desenrolo dos Servizos Sociais Municipais que se fixeron valer, superando moitos atrancos. Ás veces o alcalde de turno non sabía se dar unha vasoira ou unha máquina de escribir á compañeira polo seu descoñecemento das competencias profesionais.

Pero agora somos unha figura coñecida, recoñecida e respetada. Somos o profesional de referencia nos concellos ao ser a porta de entrada aos servizos sociais.

Date conta de que ao ano, recibo de oitocentas a novecentas persoas, que veñen sendo un vinte-cinco por cento da poboación do municipio.

E non pensas que na situación actual de crise socioeconómica, as os profesionais do Traballo Social temos moito que falar?

Por suposto, a voz do Traballador Social ten que estar sempre cando se fala de temas sociais. Pero igual é culpa nosa, por iso a miña afección pola escritura ven desacomodada a necesidade de dar a miña opinión coma persoa e coma profesional.

Cuestión de números

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Pasou o verán, inicio de curso escolar, empeza o outono, setas e castañas, e cando nos deamos conta, teremos o nadal ás portas. O tempo non para con ningún e nada o pode deter. Sempre se fala das dificultades das familias con nenos á hora do retorno ás clases. Libros, material e roupa supoñen un gasto importante que cómpre afrontar, con maior ou menor solvencia por parte dos afectados. Pero no que

levamos de ano, segundo os datos oficiais, a inflación vai disparada, xa que ronda o dez por cento, é dicir, que o custe da vida subiu esa porcentaxe, cando habitualmente estaría sete ou oito puntos menos. Evidentemente, os salarios e os beneficios dos autónomos e pequenas empresas non subiron en nivel semellante, senón máis ben todo o contrario, con aumentos mínimos, estancamento ou incluso perdas. Como consecuencia de todo elo, unha merma no poder adquisitivo da xente, isto é, que andamos en xeral moito máis xustos que en anos precedentes.

É a economía, estúpido, un lema este do ano 1992 que axudou a que un

candidato a presidente dos Estados Unidos resultase vencedor. Sen dúbida, os números son os que mandan e aí máis ou menos, todos nos outros sabemos sumar e restar. Esa é a cuestión. Varios son os factores que inciden nesta situación que estamos a vivir. A invasión de Ucraína trouxo uns efectos nas nosas vidas cotiás; que llelo digan aos gandeiros, quen viron da noite para a mañá como se disparaba o gasto en pensos dunha maneira exponencial. Logo veu o asunto do combustible, que incide negativamente nas granxas, pero tamén noutros moitos sectores produtivos, como o transporte ou a pesca, así como no conxunto da poboación que utiliza o

seu vehículo particular con maior ou menor frecuencia. E por riba de mel filloas, porque o prezo da luz e do gas parece que non ten límites, pero cara arriba. De aí que todo, absolutamente todo, estea máis caro do habitual, desde os bens de primeira necesidade como son os alimentos ata os distintos servizos dos que facemos uso na nosa vida cotiá. Centrándonos no gasóleo e gasolina, botabamos as mans á cabeza cando pasaba do euro ou chegaba ata o euro vinte, pero é que na actualidade roza os dous. O máis gracioso, aínda que non sexa un chiste, é que nos parecerá unha bicoca cando se estabilice en torno ao euro e setenta céntimos, un importe que

vemos nos países alén dos Pirineos, pero onde os soldos medios son moi superiores aos que temos en Galicia. Quen detén esta tendencia ou quen ten un mínimo poder para tratar de que polo menos se ralente un pouco... Unha pregunta esta que non atopa resposta. escoitamos en distintos debates teorías, discursos e propostas duns e doutros, pero que non se concretan na realidade.

Estamos camiñando por un carreiro cheo de perigos e as vindeiras xeracións poden pagar moi cara esta desfeita. Por diante, existe un grande desafío. Agardemos que estas circunstancias muden e se albisque un futuro máis esperanzador.

DE RUTA EN RUTA

Navia de Suarna: Ruta do Val do Rao

Un roteiro dun total de 24 quilómetros que ten o inicio e o final no lugar de Río de Pé, onde conflúen dous ríos

Calquera momento é bo para achegarse ás terras de Navia, pero sen dúbida máis, cando as condicións meteorolóxicas aínda permiten un tempo apracible e a vila vive o seu momento de máis actividade.

A ruta do Val do Rao dá comezo a 6 quilómetros de Navia de Suarna, no lugar de Río de Pé, un espazo onde conflúen os ríos Navia e Rao. Esta ruta está denominada como PR-G-56 cunha sinalización en branco e amarelo o longo de todo o percorrido.

Cun total de 24 quilómetros e unha estimación de 9 horas de duración esta é unha ruta de nivel medio na que atoparemos un desnivel total de 500 metros pero na que haberá varias pendentes pronunciadas ó longo de todo o traxecto.

Na confluencia dos dous ríos comeza este primeiro tramo no que percorrерemos un vello camiño que antigamente unía as aldeas, a primeira que atopamos é Envernallas, que actualmente está despoboadada. O longo de

toda a ruta serán varias as aldeas que atoparemos abandonadas e nas que poderemos desfrutar das antigas construcións do Val do Navia, como as vivendas, pallozas ou os hórreos.

O seguinte tramo do camiño introdúcenos un pouco máis no val e atoparemos diferentes elementos etnográficos coma as alvarizas que son construcións circulares de pedra que protexían as colmeas da entrada do oso ou as ouriceiras, pequenas construcións dos soutos para que os ourizos madurasen a salvo do xabarín.

A Cernada, Prebellos, Aigas, Trasserra, Becerral, Trabadelo ou Laxo son outras das diferentes aldeas que nos iremos atopando ó longo de todo o traxecto desta ruta. Dende algunhas delas podemos observar os diversos cumios da serra, outras están valeiras ou so acollen habitantes en momentos concreto do ano e noutras poderémonos deter a conversar cos seus veciños.

A ruta, de carácter circular, remata no mesmo punto que dá comezo. As posibilidades que ofrece esta ruta, de grandes desniveis ao longo dos 24 quilómetros, son múltiples para coñecer a riqueza natural, histórica e patrimonial desta zona da provincia de Lugo. Poderemos desfrutar dunha paisaxe moi variada dende partes máis altas das montañas a zonas baixas onde camiñaremos entre bosques de castiñeiros acompañados da tranquilidade e o silencio da contorna que nos sorprenderá pola súa singular beleza.



DATOS



9 horas min.



24 km.



Dificultade media-alta



¿Sabes si tu hijo tiene dificultades de visión?

Una solución clínica efectiva basada en Inteligencia Artificial con IBM Watson®, que realiza la evaluación y entrenamiento sobre más de 50 parámetros de su Función Visual.



federópticos
Lukus - audiocentro

WIVI® es capaz de evaluar y corregir hasta el 95% de ellas

WIVI® es un producto comercializado por Lukus - audiocentro

Conde Pallares, 2
27001 LUGO

☎ 982 245 617

✉ 609 275 276

lukus@federopticos.com

PIDE TU CITA